



**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

TITULACIÓN DE ACTIVIDADE FÍSICA E DO DEPORTE

PROXECTO ACSUG



ACSUG

**ADAPTACIÓN DE MATERIAS
AO CRÉDITO EUROPEO**

**TITULACIÓN DE ACTIVIDADE
FÍSICA E DO DEPORTE**

PROXECTO ACSUC



Autores:

José María Cancela Carral
Luis Casais Martínez
Gustavo Fuentes
Águeda Gutiérrez Sánchez
Alfonso Gutiérrez Santiago
M^a Carmen Iglesias Pérez
Cristina López Villar
Ana Isabel Rey Cao
Borja Novoa Castro
Juan Vidal Puga

PERSONAL TÉCNICO DA ACSUG:***Julio Ernesto Abalde Alonso***

Director da ACSUG

María Dolores Castro Pais

Técnico en EEES

Ana Isabel López Lorenzo

Técnico en EEES

REVISIÓN LINGÜÍSTICA:

Xandra Santos Palmou



A ACSUG dispón dun sistema de xestión de calidade certificado de acordo á norma ISO-9001:2000, incluíndo, entre outras actividades, a avaliación de titulacións, programas servizos do SUG.

DESEÑO, MAQUETACIÓN E PRODUCCIÓN:

A Referencia S.L.

ISBN:

978-84-611-8205-3

Depósito Legal:

C-2656-2007

Índice

1. Introducción	7
2. Deseño do proxecto de adaptación	11
3. Desenvolvemento da experiencia (1)	17
4. Desenvolvemento da experiencia (2)	27
5. Avaliación global do proceso	75
6. Recomendacións	89
7. Apéndices electrónicos	93

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)



1. Introducción

1. Introducción:

No ano 1998 iníciase a creación da Facultade de Ciencias da Educación integrada pola Diplomatura de Maxisterio (con catro especialidades) e a Licenciatura de Ciencias da Actividad Física e do Deporte. Este centro está integrado por máis de 1400 alumnos e ao redor de 90 profesores.

A titulación de Licenciado en Ciencias da Actividad física e do Deporte implantouse no seo da Universidade de Vigo no ano 1999 e con destino na Facultade de Ciencias da Educación, nome que foi ampliado en Febreiro de 2006, pasándose a denominar Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte. O plan de estudos foi aprobado o 11 de outubro de 1999.

Non existe unha Guía de Titulación de Ciencias da Actividade Física e do Deporte na que se detallan os Obxectivos da titulación, enunciados en coñecementos e capacidades que o alumnado debe ter ao finalizar os estudos, así como os coñecementos e capacidades dos egresados. Con todo, o plan de estudos oficial contén as materias e os descritores. Nas últimas reunións do profesorado da LCCAFD evidenciouse a urxencia da elaboración dunha guía de titulación, que tamén sexa un punto de referencia para a participación da comunidade universitaria en actividades culturais. Este compromiso foi asumido polos docentes da LCCAFD para o curso 2007-08, máis aínda cando se aproxima o cambio para o EEES.

Tendo en conta o anterior, os motivos que levaron a incorporar esta titulación ao proxecto foron:

1. Nova Titulación. Empezouse a impartir na universidade de Vigo en 1999
2. Cadro de profesorado novo e implicado na Titulación, elemento que facilitaría o proceso de implantación como así foi, e podería conducir de forma máis dinámica ao proceso de implantación da materia piloto dentro do marco da Convergencia Europea.
3. Acordo Verbal e coordinación co INEF da Coruña, o outro centro da Comunidade Autónoma galega que impartía esta titulación, para levar a cabo o proxecto de forma paralela.

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)



2. Diseño do proxecto de adaptación

2. Deseño do proxecto de adaptación

Na primeira reunión do grupo de traballo redactáronse os Obxectivos do proxecto de adaptación, que son os seguintes:

Obxectivos

Respecto ao profesorado

- Coñecer o marco xeral do sistema europeo de transferencia de créditos.
- Contrastar opinións sobre o que supón este cambio na universidade.
- Construír un modelo de guía docente como referente común que favoreza a harmonización da programación da docencia universitaria (sen esquecer a singularidade de cada lugar).
- Introducir orientacións e axudas pedagóxicas a través do uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación.
- Detectar as problemáticas e necesidades que supón a implantación deste novo sistema.
- Propoñer melloras e correccións para a implantación do novo sistema.
- Coordinarse e colaborar con outros profesores e profesoras nos procesos de planificación para que exista un equilibrio entre os programas docentes das diferentes materias.
- Proporcionar a información necesaria ao alumnado sobre o contido dos programas para a organización, orientación e facilitación da súa aprendizaxe ao longo do proceso formativo.

Respecto ao alumnado

- Participar no proceso de recollida de información e avaliación sobre o novo sistema de créditos.

Respecto á docencia

- Favorecer a visibilidade e comparabilidade dos programas de acordo ás esixencias marcadas polo proceso de converxencia.
- Contribuír á mellora da calidade do ensino universitario.

Para a selección das materias fíxose unha convocatoria aberta a todo o profesorado. Manifestaron a intención de participar neste proxecto 14 profesores, dos cales catro non puideron chegar ata o final do proceso por diferentes cuestións persoais. Dous profesores uníronse unha vez comezado o proceso, xa que colaboraban en materias onde o docente titular xa se implicara desde o principio no proxecto.

Como se pode observar no cadro o profesorado que participou ata o final na experiencia pertence a diferentes cursos da Licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte.

2. Deseño do proxecto de adaptación

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Actividade Física e do Deporte

PROFESORADO	MATERIA	CURSO LICENCIATURA
Cancela Carral, José María	Fundamentos e contidos didácticos da natación e actividades acuáticas	1º
Casais Martínez, Luís	Alto Rendemento en Fútbol I	3º
Fuentes, Gustavo R. Novoa Castro, Borja	Prevención de lesións na práctica deportiva	4º
Gutiérrez Sánchez, Águeda	Alto rendemento en Ximnasia Aeróbica I	3º
Gutiérrez Santiago, Alfonso	Deportes de adversario con fins recreativos	4º
Iglesias Pérez, Mª Carmen Vidal Puga, Juan	Métodos estatísticos	3º
López Villar, Cristina	Actividades aeróbicas con soporte musical	3º
	Expresión Corporal	2º
Lusquiños Rodríguez, Fernando	Biomecánica e Física aplicada ao Deporte	1º
Martínez Patiño, Mª José	Fundamentos e contidos didácticos do Atletismo	1º
Rey Cao, Ana	Didáctica da Educación Física I	3º
Viaño Santamarías, Jorge	Didáctica da Educación Física II	4º

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

3

3. Desenvolvimento da experiencia (1)

3. Desenvolvemento da experiencia (1).

O persoal implicado na experiencia foi principalmente o profesorado, xa que o feito de impartirse a docencia nun centro con espazos limitados fixo que non se puidesen propoñer actividades docentes que implicasen a outros membros da comunidade. O persoal de administración e servizos non tivo unha participación especial, posto que seguiu desenvolvendo actividades de préstamo de material ou reserva de instalacións como se fai co resto do profesorado.

Unha vez constituído o grupo de traballo, elaboráronse os Obxectivos que guiarían a experiencia, reflectidos no epígrafe anterior.

Inicialmente propúxose como prazo para a entrega de guías docentes o 16 de setembro, pero algúns profesores non cumpriron con este prazo, polo que o envío aos departamentos responsables foi ao mes seguinte. Envióuselles aos departamentos unha carta acompañando a guía para poñelos ao tanto. Dada a normativa da Universidade a este respecto, as guías só supuxeron unha modificación na forma e non no fondo, dos programas orixinais, xa que ao seren programas aprobados en reunións de Departamento e expostos publicamente non se podían modificar os aspectos que alí se reflectían.

A elaboración das guías foi acompañada de información concreta e documentación que facilitou a ACSUGA e a Universidade de Vigo, así como modelos de guías que xa elaboraran algún compañeiro da facultade e que participaba no proxecto. Dado o carácter experimental da experiencia e a pesar de seguir todos o mesmo guión, permitiuse que cada un o adaptara en función das súas necesidades e tendo en conta que precisamente este curso escolar serviría para recoller información e poder elaborar unha guía máis completa para o seguinte. O modelo de guía foi o seguinte: o cómputo de horas ECTS fíxose a través da seguinte operación: primeiro calculouse un índice medio por curso, $(60/\text{Créditos por curso totais} = \text{índice})$, este índice multiplicouse polos créditos de cada materia e o resultado por 25, para calcular as horas totais.

I. DATOS INICIAIS DE IDENTIFICACIÓN	
Nome da Materia	
Código da Materia	
Carácter/tipo	
Nivel/Ciclo	
Curso en que se imparte	
Duración	
Nº de Horas / Créditos ECTS	
Alumnado matriculado (total)	
Alumnado novo	
Créditos aula/grupo (A)	
Créditos laboratorio/grupo (L)	
Créditos prácticas/grupo (P)	

3. Desenvolvemento da experiencia (1)

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Actividade Física e do Deporte

I. DATOS INICIAIS DE IDENTIFICACIÓN					
Número grupos Aula					
Número grupos Laboratorio					
Número grupos Prácticas					
Campus					
Centro					
Titulación (Cod.)					
Plan de Estudos					
Área de Coñecemento (Cod.)					
Departamento (Cod.)					
Profesor/a					

II. PROFESORADO DA MATERIA					
Profesor/a					
Código					
Enderezo electrónico					
Teléfono					
web					
Área de Coñecemento (Cod.)					
Departamento (Cod.)					
Créditos de Aula que asume					
Créditos de Laboratorio que asume					
Xunta de Centro á cal pertence					
Campus					

III. PROFESORADO DA MATERIA. HORARIO DE DOCENCIA E TITORÍAS					
CUADRIMESTRE:			DESPACHO		
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
CUADRIMESTRE:			DESPACHO		
HORA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
MATERIA	TITULACIÓN		CURSO		CUAD

IV. DATA DE EXAMES OFICIAIS

Consultar: (webs.uvigo.es/feduc)

V. DATOS TRIBUNAL EXTRAORDINARIO

Presidente

Secretario

Vogal 1

Vogal 2

Vogal 3

VI. COÑECEMENTOS PREVIOS

VII. INTRODUCCIÓN Á MATERIA

VIII. OBXECTIVOS XERAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CONCEPTUAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

IX. CONTIDOS

X. DESTREZAS A ACADAR

XI. HABILIDADES SOCIAIS

3. Desenvolvemento da experiencia (1)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Actividade Física e do Deporte

XII. TEMARIO A DESENVOLVER

--	--

XIII. TEMPORALIZACIÓN XERAL DO CUADRIMESTRE

Semanas	Clases Teóricas	Clases Prácticas
Duración cuadrimestre		
Descostos oficiais		
DURACIÓN REAL		

XIV. VOLUME DE TRABALLO GLOBAL

A	B			C		D		E
Técnica	Actividade		Horas de clase	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo do estudante*	Horas de traballo persoais do estudante	Horas Totais (A+B+C)	Créditos ECTS (E÷25)
	Do profesor/a		Do alumno/a					
Teoría Clase maxistrais	Clases maxistrais	Explica os fundamentos teóricos	Asimila e toma apuntamentos. Presenta dúbidas e cuestións complementarias					
Prácticas Prácticas en instalacións deportivas	Prácticas en instalacións deportivas	Presenta os obxectivos, orienta o traballo e realiza o seguimento	Experimenta e executa as tarefas propostas. Desenvolve e aplica tarefas aos compañeiros					
Elaboración do informe	Elaboración do informe	Supervisa e orienta a elaboración	Elabora unha memoria de prácticas					

XV. VOLUME DE TRABALLO POR TEMAS E CONTIDOS

A	B			C	D	E			F
Unidade Didáctica	Tema	Teorías	Teoprácticas	Horas de clase	Horas presenciais fóra da aula	Factor de traballo do estudante	Horas de traballo persoais do estudante	Horas Totais (A+B+C)	Créditos ECTS (E÷25)
TOTAL									

XVI. TEMPORALIZACIÓN POR TEMAS				
Setembro	Outubro	Novembro	Decembro	Xaneiro
XVII. BIBLIOGRAFÍA DE REFERENCIA				
Bibliografía básica				
Bibliografía complementaria				
XIX. AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE				
XVIII. METODOLOXÍA DOCENTE				
XX. REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS DA GUIA				

Unha vez elaboradas as guías foron revisadas pola coordinadora que detectou algúns erros e comunicóullelos aos docentes para que os modificasen. Os principais erros detectados:

- Na redacción de obxectivos. Debido a que algúns docentes os redactan para o profesor e non para o alumnado, hai que ter en conta que a guía é unha ferramenta de información para o alumno, polo que consideramos máis axeitado que se redacten para eles.
- No cálculo dos créditos ECTS. Varios profesores non calculaban axeitadamente os créditos.

Tras a elaboración das guías, fíxose unha busca de sistemas de recollida de información do alumnado e propúxose unha ficha básica para todo o profesorado (anexo d). Dados os diferentes intereses e inquietudes que xurdían para o profesorado, acordouse que esta ficha fose igual para todos, pero que se alguén a maiores quería recoller outro tipo de información tamén podía. O resultado foi que tres profesores propuxeron fichas diferentes de recollida de datos. Isto fai que a información non se presente exactamente igual para todas as materias desta memoria.

3. Desenvolvemento da experiencia (1)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

Titulación de Actividade Física e do Deporte

Organizáronse unhas xornadas informativas o 21 de decembro de 2005 para todo o profesorado da Facultade sobre o que significa o Espazo Europeo de Educación Superior. Nelas expúxose o proxecto piloto.

Comunicóúsenos a concesión dun bolseiro para o proxecto e un ordenador. Decidíronse entre todos as funcións que se consideraban precisas do bolseiro. Acordáronse as seguintes funcións:

- Búscas de información do E.C.T.S. e difusión da mesma, baixo as indicacións da coordinación que participa na experiencia.
- Corrección formal dos materiais didácticos das distintas materias e colaboración na difusión a través das novas tecnoloxías.
- O traballo a desenvolver polo beneficiario da bolsa non poderá, en ningún caso, incluír labores docentes.
- Colaborar en labores de investigación docente aplicables ó proxecto.

Polo tanto, os seus labores centráronse principalmente na busca de información e no tratamento de datos recollidos a través da ficha.

Organizáronse unhas xornadas de formación en novas tecnoloxías con preferencia para o profesorado do proxecto pero abertas a todo o profesorado da Facultade. As xornadas versaron sobre a ensinanza virtual e presentouse a plataforma da Universidade de Vigo TEMA.

Unha profesora propuxo a elaboración dun instrumento para a recollida de información durante os exames. Finalmente, este instrumento non foi usado por todos os profesores (Anexo c).

A coordinadora do proxecto asistiu a un curso sobre "Titorías no marco do espazo europeo de educación superior". Nel pasouse a documentación a todo o grupo e explicáronse os aspectos máis salientables das experiencias presentadas. Considerouse a posibilidade de organizar un sistema de titorías para o curso que vén. Non se traballou desde o grupo neste aspecto.

Ao final do primeiro cuatrimestre, o profesorado que xa pasara pola experiencia comunicoulles aos compañeiros que a ían iniciar no segundo as dificultades que atoparan.

O Vicedecano de organización académica e compañeiro no proxecto asistiu a unhas xornadas da Universidade de Vigo para expoñer o proxecto piloto.

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)



4. Desenvolvimento da experiencia (2)

4. Desenvolvemento da experiencia en cada unha das materias.

Recóllense a continuación os datos das materias das que o profesorado facilitou información. Presentámolas en orde alfabética.

4.1. ACTIVIDADES AERÓBICAS CON SOPORTE MUSICAL

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descrición da materia	
Nome da Materia	Actividades aeróbicas con soporte musical
Código da Materia	202510333
Carácter/tipo	Optativa
Nivel/Ciclo	Segundo Ciclo
Curso en que se imparte	Terceiro
Duración	Cuadrimestral
Nº de Horas / Créditos ECTS	6 créditos/4,26 ECTS
Alumnado matriculado (total)	37
Alumnado novo	
Créditos aula/grupo (A)	4,5 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	1,5
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	3
Número grupos Prácticas	0 grupo
Campus	Campus Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	Expresión Corporal
Departamento (Cod.)	Didácticas Especiais (X05)
Profesor/a	Prof. Cristina López Villar

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

OBXECTIVOS XERAIS

- Dominar os fundamentos básicos, tanto teóricos como prácticos, das diferentes modalidades que se inclúen nas actividades aeróbicas con soporte musical.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CONCEPTUAIS

- Comprender a importancia do desenvolvemento de actividades aeróbicas con soporte musical na nosa sociedade.
- Coñecer diferentes modalidades aeróbicas e de danza.
- Aprender as bases teóricas das actividades aeróbicas acuáticas con soporte musical.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PROCEDIMENTAIS

- Diseñar sesións de actividades aeróbicas con soporte musical que propicien un clima de aprendizaxe significativa e motivadora.
- Diseñar coreografías e actividades sinxelas de actividades aeróbicas con soporte musical.
- Utilizar as actividades aeróbicas con soporte musical como ferramenta educativa e recreativa.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

- Desenvolver condutas de colaboración cos compañeiros.
- Reflexionar sobre as intervencións prácticas e teóricas con actitude crítica.

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes

As metodoloxías empregadas nesta materia tentan fomentar a participación e autonomía do alumnado. Aínda que xa se estaban a desenvolver metodoloxías semellantes ao entrar no proxecto, tentouse incrementar o número de métodos activos en detrimento doutros máis pasivos, como pode ser a clase maxistral.

O uso das metodoloxías docentes foi diferente en distintos contextos do proceso:

- Nas aulas presenzais: baseouse en métodos de lección maxistral participativa ou traballo en grupos para facer lecturas comprensivas de artigos e observación de audiovisuais.
- Nas actividades non presenzais empregáronse as buscas de información ou bibliográficas, a síntese de artigos, a elaboración de traballos con guión e defensa oral.
- Nas aulas de laboratorio: as metodoloxías máis activas como a resolución de problemas ou a ensinanza recíproca foron as máis empregadas, aínda que tamén se empregaron a asignación de tarefas. Neste tipo de créditos téntase colocar o alumno en situacións futuras onde el sexa o docente e non tanto como reprodutor de técnicas; aínda que nalgúns casos tamén é necesario. O alumnado ten que elaborar unha sesión dun dos contidos da materia e ofrecela aos seus compañeiros.

c. Adaptación ao ECTS

Inicialmente na guía calculáronse 112, 5 horas. O resultado final foi de 101,71 que é un pouco inferior. Os datos sobre os que se fixeron os cálculos aproximados están no Anexo c.1.

d. Métodos de avaliación

O sistema de avaliación foi continuo. Para concretar a forma de avaliación, amósase a continuación a maneira de cualificación que se traduce nos seguintes cadros:

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTOS	PESO
Asistencia e participación nas aulas teóricas e prácticas Exercicios de clase e buscas (dossier).	-Participación activa na clase -Elaboración dos traballos segundo os criterios establecidos -Entrega na data establecida	-Diario da profesora -Ficha de avaliación dos traballos	30%
Conceptos da materia	-Dominio dos coñecementos teóricos e de aplicación práctica da materia	Exame teórico con preguntas curtas e test Exames prácticos	50%
Elaboración da sesión, asistencia a titorías e aplicación da mesma	-Entrega na data establecida -Seguir os criterios establecidos -Coordinación do grupo	Traballo escrito Exposición oral	20%
Traballos voluntarios	-Pertinencia do contido en relación á materia.	Valoración subxetiva da profesora	10 %

e. Resultados académicos

Os resultados académicos do alumnado no curso en que se puxo en marcha a experiencia en relación co anterior non sufriron grandes cambios.

Notas	04-05	05-06
MH	3	2
SOBRESALIENTE	3	5
NOTABLE	13	6
APROBADO	19	18
SUSPENSO	8	3
NP	2	6

Respecto aos datos que o alumnado espera acadar tras realizar o exame, aínda que non se pasou a todo o alumnado, os resultados son semellantes. Pódense ver no anexo c 1.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

f. Enquisas de esforzo e opinión do alumnado

Tendo en conta os datos que aparecen no anexo c.1. e que se recolleron coa ficha que se presenta no anexo d, o alumnado considera que a materia non é difícil, xa que os valores están entre o 2 e o 3. Os que presenta máis dificultade son os traballos e dentro deles o que se fai en grupo. Este consiste en levar a cabo unha sesión práctica sobre os contidos da materia.

Para o caso do exame tamén se pode observar que tanto á hora de estudar como á de realizar o exame, a dificultade é media.

En canto á opinión do alumnado sobre a materia, que se reflicte nas enquisas de avaliación docente, os resultados son moi semellantes para todos os cursos en que se impartiú. Para este último curso 2005-06 o alumnado considera que os métodos son axeitados e otórgalle un valor de 4.39 (o máximo é un 5). Con respecto ao profesorado dálle un 4.64 e á materia en global un 3.96.

4.2. ALTO RENDEMENTO EN FÚTBOL I

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descrición da materia	
Nome da Materia	ALTO RENDEMENTO EN FÚTBOL I
Código da Materia	202510763
Carácter/tipo	Optativa
Nivel/Ciclo	Segundo Ciclo
Curso en que se imparte	Terceiro
Duración	Cuadrimestral
Nº de Horas / Créditos ECTS	200 horas/8 cr ECTS
Alumnado matriculado (total)	58
Alumnado novo	48
Créditos aula/grupo (A)	3 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	6 créditos
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	3 grupo
Número grupos Prácticas	0 grupo
Campus	Campus Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación

Descrición da materia	
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	Educación Física e Deportiva (245)
Departamento (Cod.)	Didácticas Especiais (X05)
Profesor/a	Dr. Luis Casais Martínez

Obxectivos

- Dominar o sistema conceptual da materia, non só dun modo meramente definicional senón tamén operativo.
- Profundar de maneira personal nos contidos da disciplina.
- Analizar criticamente as circunstancias e feitos que rodean ó fútbol, o seu ensino e adestramento e buscar respostas e solucións ben fundamentadas.
- Adquirir habilidades básicas centradas na identificación e manexo de fontes de documentación e información que lle permitan conformar un hábito de análise e investigación.
- Desenvolver actitudes favorables cara á colaboración interdisciplinar, o traballo en equipo e a toma de decisións baseadas na reflexión persoal.
- Coñecer as diferentes perspectivas de estudo e análise do fútbol como deporte sociomotor
- Coñecer as bases teóricas de carácter específico que configuran o fútbol como práctica motriz: bases estruturais (estrutura formal e funcional) , bases técnicas ou coordinativas, bases condicionais ou físicas, bases tácticas e estratéxicas.
- Dominar conceptual e procedimentalmente os elementos metodolóxicos que configuran o proceso de adestramento no fútbol (medios de adestramento das diferentes calidades físicas, adestramento técnico, táctico...), os seus modelos de planificación e as bases para a selección de talentos no fútbol.
- Dispor dos coñecementos e recursos didácticos para a intervención eficaz, en diferentes etapas do proceso de ensino-aprendizaxe e adestramento do fútbol.
- Adquirir habilidades necesarias na dirección de equipos: comunicación, cohesión grupal, dinámica de grupos, xestión do liderato, etc..

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.

Partindo dos Obxectivos anteriores fórmulanse exemplos de actividades.

- Obxectivo nº1: deseñáronse instrumentos de traballo para o alumnado nos que deben operar con estes coñecementos, xa que deben configurar

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

un caso real de adestramento dun equipo de fútbol (ver traballos para o alumno). Tamén no exame de contidos parte das preguntas fan referencia a este aspecto

- Obxectivo nº2: Deixábase á elección do alumno a posibilidade de profundar nun tema da materia a través dunha busca bibliográfica en bases de datos, ou mediante recompilación e comentario de artigos.
- Obxectivo nº3: O alumno tiña a posibilidade de visualizar adestramentos de equipos de fútbol para facer unha análise crítica e propoñer alternativas persoais.
- Obxectivo nº4: No traballo nº 3 xa se comentou a necesidade de manexar bases de datos e fontes documentais para profundar sobre un tema de interese da materia. Así mesmo, facilitábase ao alumnado unha guía elaborada polo profesorado con diferentes listaxes de bases de datos, e tamén o procedemento de busca nas mesmas (buscas avanzadas, límites de busca, uso dos tesaurus, etc...)
- Obxectivo nº5: No traballo nas clases prácticas sempre se realizaban dous momentos de análise grupal: no final dos quencementos que realizaban os propios alumnos e no final da sesión, unha vez expostos os contidos. Ademais, aconsellábase facer o traballo nº2 en parellas, promovendo o traballo en equipo, que é a fórmula actual na práctica profesional e semiprofesional en equipos de fútbol.
- Obxectivo nº 6 e nº7: Traballouse para desenvolver os contidos dos temas, especialmente nas sesións teóricas
- Obxectivo nº 8: Foi especialmente traballado no traballo nº 2 do alumno, ó máis importante do curso, así como en distintas partes do exame. De feito, a pregunta “tema” ou de aplicación do exame tiña carácter eminentemente procedimental.
- Obxectivo nº 9: Ademais dos contidos conceptuais e procedimentais transmitidos nas sesións teóricas e na elaboración dos traballos, o alumnado debía amosar a súa pericia didáctica nas sesións prácticas, onde se encargaban de deseñar e dirixir os quencementos e outras propostas prácticas de exercicios.
- Obxectivo nº 10: É de aplicación o comentado anteriormente.

c. Adaptación ao ECTS

Por termo medio a dedicación do alumnado foi de 147,25 horas. Débese salientar que a materia, pola carga docente que ten no POD comprende un total de 160 horas de traballo total do alumno.

d. Métodos de avaliación

A cualificación final virá determinada pola valoración dos seguintes epígrafes, coa ponderación correspondente:

- 10% Participación activa e crítica nas sesións e actividades complementarias (entrega de prácticas, traballos voluntarios, participación en proxectos de investigación...)
- 50% exame de contidos. Realizarase un único exame que constará de preguntas curtas e de aplicación, e que poderá incluír o visionado e comentario de imaxes.
- 40% traballos de aplicación. Realizaranse 3 traballos.

Para a superación da materia deberá obterse polo menos o 50% da puntuación correspondente ao exame de contidos e o traballo de aplicación, cuxa entrega é inexcusable. Cumprirase de forma estricta co calendario de datas para a súa entrega (non se cualificará ningún traballo entregado fóra do prazo establecido).

Deberase acreditar a asistencia e a participación activa ao 80 % das sesións prácticas (un máximo de 4 ausencias).

Durante o primeiro mes de clase entregárase a ficha ao docente, cuxa sinatura por parte do alumno indicará que leu e está ao tanto das especificacións que conteñen a presente guía docente.

e. Resultados académicos

Con respecto ós resultados académicos hai que sinalar que non existen grandes diferenzas nos últimos anos, xa que a metodoloxía docente xa fóra proposta na súa meirande parte dende hai tempo. De aí que tanto a nota media dos alumnos coma o número de aprobados e suspensos se manteña nunha liña similar estes últimos anos. Se ben é certo que este ano houbo un número importante de alumnos “Non presentados” na primeira convocatoria, aínda que as cualificacións obtidas non distan do atopado nos últimos anos.

As cualificacións obtidas polo alumnado pódense observar no anexo c 2. Preséntase aquí unha táboa resumo.

	Curso 2002-03	Curso 2003-04	Curso 2004-05	Curso 2005-06
Aprobado	26	29	21	29
Notable	20	11	15	11
Sobresaliente	2	5	4	7
Suspense	13	6	4	8
NP	8	22	23	20

Con respecto á dificultade e concordancia da avaliación, a opinión dos presentados ó exame na primeira convocatoria amosou de maneira maioritaria unha alta concordancia entre o exposto no curso e o cuestionado no exame, que calificaron como de “dificultade media” ou “asequible”.

No que respecta ás diferentes actividades de avaliación, os alumnos completaron cáseque na súa totalidade as dúas actividades que implicaban un menor tempo de preparación (os traballos 1 e 2), mentres que foron menos os que presentaron nesta primeira convocatoria o traballo 3, que implicaba unha boa cantidade de tempo pola súa parte. A súa participación nas clases foi elevada e moi activa.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

ADAPTACIÓN DE MATERIAS AO CRÉDITO EUROPEO
Titulación de Actividade Física e do Deporte

En canto aos traballos por actividades durante o curso 2005-06, pódese observar a seguinte táboa:

alumnos	Actividade optativa	Quencemento sesión	Traballo	Participación	Exame	Nota final numérica
	5%	5%	30%	10%	50%	
	9	7,25	6,5	7		NP
	9	9,25	9,25	9	8,5	8,8
	6,75	5,5		7	6,25	4,4
	8	6,5		7		NP
	4	3		5		NP
	7	4		7	4	3,3
		5		5		NP
	5	6,75		6		NP
	7,5	7,5		6		NP
	7,25	8,5	8	5		NP
		6,75		0		NP
	6	6		7		NP
	7,5	5	6,75	7	7	6,9
	4,1	3	0	7	4,75	3,4
	7	5	5,3	7	6	5,9
	8	6,5	6,5	7		NP
	10	8,5	9	9	6	7,5
	7	7	6,9	7		NP
	6	8,75	5,25	7	4,75	5,4
	7,5	9		7		NP
	7	5		6		NP
	9	7,75	10	9	6	7,7
	6	8,5		5		NP
	8,4	6,3		6		NP
	7	8,5		6		NP
	8	8,25	5,25	7	4,5	5,3
	8,5	5,5	5,3	7	6,5	6,2
	5	5	7,6	5	2,4	4,5

alumnos	Actividade optativa	Quencemento sesión	Traballo	Participación	Exame	Nota final numérica
	5%	5%	30%	10%	50%	
	5	7,4				NP
		8		7		NP
	10	8,5		9	6,5	5,1
	8	10		7	6	4,6
	6,4	7,5	3,5	8	5,25	5,2
					6	
	8	9	7	7	8,5	7,9
	4,1	6	0	5	4,5	3,3
	6	6		7		1,3
	8,4	6,7		7		NP
	8	6		7	3,75	3,3
	6	6,25		6		NP
	8	7		9		NP
	6,4	8,2	3,5	8	5,1	5,1
	7	5,5	4,5	7		NP
	6,5	8,25		5		NP
	9	10		7		NP
	9	6,5	7	7	6,5	6,8
	6	10	7	8	7	7,2
	7	6,5	5,3	7		NP
	5,5	5,75	7	5	5,25	5,8
	3,75	4,25	4,25	5	4,75	4,6
	7	7,75		5		NP
	8,5	7,5	7	7		NP
	7	5,75	9,25	6		NP
	6	7,9	5,3	7	4,3	5,1
	7,25	5	3,75	5	6,25	5,4
	7	5,5	9	7	7,5	7,8
	7	7		7	7	4,9
	7	6,25	7,75	7		NP

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

Titulación de Actividade Física e do Deporte

alumnos	Actividade optativa	Quencemento sesión	Traballo	Participación	Exame	Nota final numérica
	5%	5%	30%	10%	50%	
	7	6,5	4,5	6	5	5,1
	8,5	8,25	7	7	4,5	5,9
	7	9,25	7,75	7	8	7,8
	6	5,5	7	7	7,75	7,3
	7	6,25	7	7	7,5	7,2
	7	5			5,75	3,5
	9	7	7,5	7	6,75	7,1
	7,5	8,25	7,5	9	7	7,4
	7,25	6,5	4,5	7	7,5	6,30
	7	5		5		NP
	8	7,75	6,75	6	7	6,9
	7,25	4,75	3,75	5	3	3,7
	6	6,5	8	7	5	6,2

f. Enquisas de esforzo e opinión do alumnado

Para o alumnado desta materia a maior dificultade supúxo a o traballo, pero calquera dos valores que se poden observar no anexo c 2 indican que outros aspectos como o estudo ou a titoría son de dificultade media.

No tocante á avaliación docente que fai o alumnado do profesorado confirmase unha boa acollida dos métodos docentes empregados, así como a consideración xeral da materia e os profesores.

O alumnado pensa que a extensión da materia se axusta ao número de horas lectivas (3,36), o único epígrafe por debaixo de 4 (ao igual que o epígrafe relativo a instalación, aínda que este aspecto solucionarase no vindeiro curso académico cunhas novas e modernas instalacións docentes).

É posible que a percepción da materia polo alumno sexa dunha materia esixente e que require traballo, como así se contabiliza nas horas de dedicación (que están por debaixo do suposto para a carga lectiva do alumno). O alumnado valora moi positivamente as metodoloxías utilizadas, a actualización da materia e o nivel dos profesores.

Puntuacións globais	CURSO 2005-06
Respecto á materia	4,27
O profesorado prepara e organiza as clases	4,57
Creo que aprendo nas clases deste profesor	4,55

Puntuacións globais	CURSO 2005-06
Considero que os metodos empregados por este profesor son axeitados	4,28
Considero que o profesor desta materia é un bo docente	4,56

4.3. ALTO RENDEMENTO EN XIMNASIA AERÓBICA I

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente.

Descrición da materia	
Nome da Materia	Alto Rendimiento en Gimnasia Aeróbica
Código da Materia	202510753
Carácter/tipo	Optativa
Nivel/Ciclo	Segundo Ciclo
Curso en que se imparte	Tercero
Duración	Cuadrimestral
Nº de Horas / Créditos ECTS	160 horas/6,40 cr ECTS
Alumnado matriculado (total)	20
Alumnado novo	18
Créditos aula/grupo (A)	3 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	6 créditos
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	1 grupo
Número grupos Prácticas	0 grupo
Campus	Campus Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	Educación Física e Deportiva (245)
Departamento (Cod.)	Didácticas Especiais (X05)
Profesor/a	Dra. Águeda Gutiérrez Sánchez

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer os fundamentos básicos polos que se caracterizan as habilidades ximnásticas do Aeróbic.
- Avanzar nos contidos científicos dos coñecementos relacionados coa técnica e a ensinanza da Ximnasia Aeróbica
- Sensibilizar aos alumnos/as en relación aos novos camiños que van tomando as actividades ximnásticas.
- Promover a investigación científica práctica dos problemas metodolóxicos da ensinanza e estimular o sentido crítico.
- Establecer a relación interdisciplinar coas materias do Plan de Estudos da Licenciatura de Ciencias da Actividade Física e do Deporte da Universidade de Vigo, especialmente coas que conforman o itinerario de adestramento deportivo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CONCEPTUAIS

- Coñecer os fundamentos xenerais da técnica das habilidades ximnásticas de Aeróbic.
- Entender a forma en que se poden aplicar as habilidades ximnásticas aeróbicas a distintos ámbitos (ocio, saúde, poboacións especiais, rendemento deportivo)
- Aprender a clasificar as habilidades ximnásticas aeróbicas respecto a diversos criterios.
- Coñecer o vocabulario específico relacionado coas habilidades da Ximnasia aeróbica así como a súa propia simboloxía.
- Entender o procedemento de análise e estudo sobre a técnica das habilidades aeróbicas para a súa posterior ensinanza ou adestramento.
- Achegar o alumnado ao coñecemento das ciencias que permitan dar solidez ao estudo da Ximnasia Aeróbica.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PROCEDIMENTAIS

- Crear no alumnado de profundar máis no estudo da Ximnasia Aeróbica.
- Crear unha actitude máis profesional sobre a ensinanza e o adestramento das habilidades ximnásticas do Aeróbic Deportivo.
- Espertar o interese cara á práctica e/ou divulgación da Ximnasia Aeróbica.
- Fomentar un modelo deportivo non sexista rompendo a tradicional asociación entre deportes artísticos e práctica deportiva feminina.
- Valorar o traballo en grupo para acadar diversos Obxectivos (facilitar a aprendizaxe, realizar procesos de composición coreográfica, executar unha composición grupal,...)

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

- Asimilar os exercicios prácticos para crear unha base mínima de exemplificación.
- Desenvolver a capacidade de observación da execución de diversas habilidades técnicas da Ximnasia Aeróbica para a súa posterior avaliación.
- Elaborar progresións para a aprendizaxe de certas habilidades ximnásticas aeróbicas en función dos aspectos teóricos tratados.
- Poner en práctica as medidas de seguridade empregadas na aprendizaxe das habilidades da Ximnasia Aeróbica (axudas manuais e materiais.)

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.

Tendo en conta que partimos dunha materia cun enfoque eminentemente práctico, lévanos a orientar a materia prioritariamente aos procesos de realización e ao desenvolvemento de destrezas e habilidades instrumentais relacionadas con este deporte. A práctica na resolución de problemas (técnicos, artísticos, e didácticos) e o desenvolvemento de actitudes profesionais específicas serán Obxectivos fundamentais da materia “Alto Rendemento en Ximnasia Aeróbica I”.

Foron moitos os recursos metodolóxicos empregados nesta materia, sendo un dos aspectos máis importantes os Obxectivos que con eles se conseguiron.

Na aula: *A lección maxistral participativa*, con esta proposta evitamos o emprego deste tipo de técnicas no seu estado puro. O obxectivo prioritario é a participación dos discen-tes para asegurar que éstos comprendan, fixen e integren a aprendizaxe e desenvolvan hábitos e capacidades cognitivas.

De aí que durante o transcurso dunha mesma clase se empregaran nas exposicións outras técnicas alternativas que incitan á participación do alumno/a, tales como:

- *A técnica do interrogatorio*, grazas á cal por medio de hábiles preguntas se fai chegar ao alumno/a xuícios aceptables e coherentes, ao mesmo tempo que nos axuda a obter un mellor coñecemento dos mesmos. Esta técnica provocou que as sesións sexan máis dinámicas.
- *Técnica de tarefa dirixida*, realizouse tanto na clase como fóra da mesma, sobre a base de instrucións precisas. Empregada nas sesións e actividades prácticas de análise da técnica de movementos ximnásticos, valoración dos exercicios completos nas diferentes modalidades en función das normativas e sistemas de puntuación estudados.

O estudo de casos e a resolución de problemas, e formuláronse análises onde os alumnos traballaron en pequenos grupos. Analízase un tema en cuestión referentes á bibliografía da materia para facer unha análise crítica das distintas contribucións feitas ao respecto. Este tipo de metodoloxía fixo que as sesións teóricas sexan máis atractivas debido ao grao de participación, o que provocou un aumento de interese e motivación.

Nas prácticas de laboratorio: *Ensinanza vivenciada*: o alumnado experimentou as tarefas motrices nas condicións reais en que se desenvolven, co Obxectivo de adquirir así un coñecemento máis profundo dos requerimentos particulares de cada tarefa. Esta

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

ensinanza levou a que os alumnos establezan relacións entre as situacións prácticas vivenciadas e a información subministrada nas clases teóricas.

Os estilos de ensinanza que con maior frecuencia se empregaron na materia foron:

- a) Estilos tradicionais.
- b) Estilos que fomentan a individualización e posibilitan a participación do alumno.
- c) Estilos que propician a socialización e creatividade.

a) Estilos tradicionais:

Dentro deste estilos, a asignación de tarefas cobrou lugar primordial. Propúxose secuencias de tarefas variadas e progresivas que implican a realización dunha ou varias habilidades ximnásticas aeróbicas mediante os presupostos organizativos diferentes:

- Lista de tarefas para toda a clase (traballo masivo).
- Secuencia de tarefas a través de circuitos interválicos por tempo ou número de repeticións, (distribución do traballo en grupos).

Neste estilo de ensinanza onde o máis importante é actuar baixo un modo prescrito, a ensinanza das técnicas das habilidades da Ximnasia Aeróbica cobra un lugar primordial, xa que a fidelidade ao modelo, a exactitude e a eficacia do movemento son características inherentes a este tipo de habilidades.

b) Estilos que fomentan a individualización e posibilitan a participación do alumno.

O deseño mellor adaptado á nosa materia dentro deste tipo de estilos é o traballo en grupos reducidos e a ensinanza recíproca. Estes estilos caracterízanse segundo Delgado (1991), pola participación dos alumnos no proceso de ensinanza-aprendizaxe. No sistema organizativo de parellas para a ensinanza recíproca, o alumnado non só é mero executante, senón que tamén realiza funcións específicas docentes (corrixir, avaliar, etc), co fin de adquirir a habilidade que se está aprendendo. Este sistema foi crucial na aprendizaxe das habilidades da Ximnasia Aeróbica, xa que a maioría delas necesitan dun continuo coñecemento dos resultados que facilitan a súa adquisición.

c) Estilos que propician a socialización e creatividade.

Este estilo de ensinanza foi empregado nalgúns dos contidos específicos da materia, como é o caso das montaxes coreográficas, onde o Obxectivo fundamental foi a elaboración de pequenas rutinas coreográficas de Aeróbic en grupo. Os indicadores fundamentais da creatividade puxéronse en escena (orixinalidade, fluidez, elaboración de anovadoras pirámides, etc). Aquí o discente ten un gran protagonismo, xa que son eles os que, orientados cunhas consignas, toman as súas decisións acerca de cómo estruturar as súas secuencias coreográficas, transicións e elementos de dificultade.

Como resumo a este epígrafe e tendo en conta o carácter teórico-práctico que caracteriza o enfoque desta materia, a utilización dos diferentes estilos foi sempre variada.

c. Adaptación ao ECTS

Tras a experiencia obsérvase que o cálculo da guía é superior ao que supuxo o dos datos do alumnado, pero non hai moita diferenza. Para a guía fíxose unha estimación de 160 horas e o resultado foi de 149, 31. As táboas dos datos estatísticos pódense atopar no anexo c 3.

d. Métodos de avaliación

AVALIACIÓN TEÓRICA

Ao final do cuadrimestre unha única proba por escrito de toda a materia impartida, incluídos os contidos tratados nas clases teóricas e prácticas. Valorarase a capacidade de expresión escrita do alumno/a mediante preguntas abertas tipo tema e preguntas pechadas con opción múltiple. Esta proba de coñecementos é obrigatoria e o seu valor é do 50% .

AVALIACIÓN PRÁCTICA

Opción A – Avaliación continua

Efectuada en cada unha das sesións prácticas que se desenvolverán ao longo da materia.

En cada unha das 30 sesións, formularanse diferentes supostos que o alumno/a terá que resolver, entre eles está:

1. A execución dun quencemento dunha sesión de Ximnasia Aeróbica, segundo os estilos e modalidades desenvolvidas ao longo das prácticas. (Fase de movementos globais, fase de movementos localizados e fase de estiramientos).
2. Os alumnos ensinarán, mediante as fases anteriormente mencionadas, unha serie coreográfica de aeróbic ao resto dos seus compañeiros mediante a utilización dun método de ensinanza explicado na clase.
3. Durante as sete últimas sesións (Tema 11: “*Pautas básicas para a elaboración dunha rutina de competición*”) o alumnado desenvolverá (en grupo) unha coreográfica de X Aeróbica de Promoción. No proceso de avaliación participarán os restantes grupos de alumnos/as, que asumirán o rol de Xuíces (observadores), así como a profesora, que recorrerá a sistemas de rexistro e avaliación característicos destes deportes ximnásticos. O alumnado que supere a avaliación continua non terá que realizar o exame práctico final. Para superar esta avaliación é requisito imprescindible a realización con éxito de polo menos 26 das 30 sesións, así como a resolución axeitada das tarefas prácticas propostas nelas. Aqueles alumnos que non superen a avaliación continua poderán recorrer á Opción Avaliativa B.

Opción B – Avaliación final créditos prácticos

Aqueles alumnos/as que non opten, ou ben non superen a avaliación continua, poderán acudir a unha proba final na que serán avaliados os contidos prácticos estudados ao longo das 30 sesións desenvolvidas. A proba consistirá na resolución dunha serie de problemas e tarefas (motrices, de observación sistemática, de corrección de erros, de

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

diseño de coreografías,...) que fóran desenvolvidas nas sesións prácticas. A avaliación terá unha duración aproximada de 2 horas.

AVALIACIÓN OPTATIVA

O tipo de tarefas a realizar serán debatidas, seleccionadas e avaliadas en coordinación coa profesora no horario de titoría.

As porcentaxes son as que seguen:

CONTIDOS TEÓRICOS (A)	CONTIDOS PRÁCTICOS (L)	ACTIVIDADES OPTATIVAS
50% Punt. máx 5 ptos	40% Punt. máx 4 ptos	10% Punt. máx 1 pto

Será requisito imprescindible para optar á cualificación final, aprobar (50% puntuación).

e. Resultados académicos

A continuación preséntanse as porcentaxes das cualificacións obtidas nos cursos 2001/02; 2002/03; 2003/04 para comparalas co 2005/06.

Porcentaxes obtidas en cada curso

	2001/02	2002/03	2003/04	2005/06
NP	0%	0%	0%	6%
S	0%	0%	5%	0%
A	51%	13%	20%	31%
N	34%	66%	43%	48%
SB	11%	16%	27%	9%
MH	4%	5%	5%	6%

Pódese observar que a cualificación con maior porcentaxe son os Notables, excepto no 2001/02, sendo do 48% para o curso 2005/06. O número de Sobresalientes tamén diminúe considerablemente neste curso, ao contrario que o de aprobados que aumenta ata un 31%. Isto lévanos a pensar que en parte este cambio se deba a que o alumnado non está aínda moi acostumado a asumir demasiadas tarefas, polo que realiza en ocasións traballos con pouca calidade nos contidos.

f. Enquisas de esforzo e opinión do alumnado

Para esta materia a dificultade maior para o alumnado é a do traballo en grupo que supuxo un 3,40 de media, como se pode observar no anexo c 3. O traballo individual e as sesións prácticas –denominadas de laboratorio– tamén son as que reciben unha puntuación maior, pero obtén todos os epígrafes unha puntuación media que dá a idea de que a materia é de dificultade media.

Tras revisar as enquisas docentes, non se aprecian diferenzas significativas respecto ao curso 2005/06, unicamente no epígrafe 5 “Considero que nas clases deste profesor/a hai un bo ambiente docente (posibilidade de facer preguntas, motivación para a partici-

pción, bo trato...)” cunha puntuación de 4,28 puntos respecto aos 3,94 puntos do curso 2003/04. Neste último observábase unha maior puntuación, debido ao maior achegamento e ás clases titorizadas pola cantidade de tarefas propostas e posta en común das mesmas, o que nos fai pensar que este proxecto tivo algo de positivo, xa que o alumnado se atopa dentro dun ambiente docente máis atractivo.

4.4. DEPORTES DE ADVERSARIO CON FINS RECREATIVOS

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descrición da materia	
Nome da Materia	Deportes de adversario con fins recreativos
Código da Materia	2025104320
Carácter/tipo	Obrigatoria/Opcional
Nivel/Ciclo	Segundo Ciclo
Curso en que se imparte	Cuarto
Duración	1º Cuadrimestre
Nº de Horas / Créditos ECTS	105 horas /4,2 cr. ECTS
Alumnado matriculado (total)	47
Alumnado novo	43
Créditos aula/grupo (A)	4,5 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	1,5 créditos
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	2 grupos
Número grupos Prácticas	0 grupos
Campus	Campus Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	Educación Física e Deportiva (245)
Departamento (Cod.)	Didácticas Especiais (X05)
Profesor/a	Prof. D. Alfonso Gutiérrez Santiago

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer a evolución dos deportes de loita, así como as concepcións máis relevantes dos mesmos.
- Identificar as tendencias ancestrais e actuais dos deportes de loita e os factores que inflúen nas mesmas.
- Coñecer os fundamentos técnico-tácticos e didácticos dos deportes de loita.
- Dominar a práctica e describir as técnicas máis representativas dos deportes de loita con agarre e os aspectos reglamentarios básicos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CONCEPTUAIS

- Coñecer a evolución histórica dos deportes de loita.
- Coñecer as características comúns dos deportes de loita, así como ter a capacidade de categorizar ditos deportes en función de ditas características.
- Descubrir o abano das distintas actividades de loita.
- Coñecer as habilidades motrices básicas luctatorias e o seu modo de aplicación.
- Mostrar as concepcións actuais máis significativas respecto ás actividades de loita, así como a súa aplicación ao ámbito recreativo, educativo e deportivo.
- Identificar, nomear e mostrar as diferentes técnicas máis representativas dos deportes de loita.
- Coñecer os aspectos técnicos, históricos e regulamentario dun dos deportes de loita máis representativos do mundo: Judo.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

- Espertar o interese polos deportes de loita para a súa posterior práctica e/ou divulgación.
- Xerar inquietudes para que se profunde no coñecemento de cada un dos elementos que conforman as actividades luctatorias, considerando que no futuro poderán obter unha información máis específica.
- Comprender os fundamentos científicos en que se basean os contidos que se desenvolven na materia, interrelacionándoos con outras disciplinas.
- Fomentar unha actitude crítica ante a ensinaza-aprendizaxe dos deportes de loita, para favorecer a toma de decisións apropiadas en cada contexto de aplicación.
- Comprender, respectar e vivenciar as normas, xestos, ritos e tradicións intrínsecas aos deportes de loita orientais.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PROCEDIMENTAIS

- Experimentar e practicar as habilidades motrices básicas a través de formas xogadas.

- Experimentar e practicar as diferentes técnicas máis representativas dos deportes de loita -técnicas de proxección e técnicas de control-, acadando un dominio básico.
- Practicar con solvencia os aspectos técnicos e regulamentarios dun dos deportes de loita máis representativos do mundo: Judo.

b. **Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.**

As modalidades docentes que se utilizaron foron principalmente tres: ensinanza frontal ou expositiva, ensinanza vivenciada e ensinanza titorizada.

A ensinanza frontal cosistiu na utilización de leccións maxistras co Obxectivo de transmitir os coñecementos teóricos. As actividades didácticas a formular nas clases do tipo: expoñer-captar e suscitar- preguntar. Desenvoláronse nas aulas convencionais e empregáronse recursos como os esquemas, as imaxes, ou a palabra

A ensinanza vivenciada cosistiu en tarefas motrices. O Obxectivo é relacionar os contidos teóricos cos prácticos. As actividades responden ao tipo: supervisar-executar e presentar/ asesorar-investigar.

Tendo en conta que poden existir desaxustes na evolución da asimilación dos contidos, utilizouse a ensinanza titorizada. Os Obxectivos de dita metodoloxía concréntanse en: reforzar ideas e conceptos expostos nas clases, aclarar conceptos que para determinados alumnos non foron suficientemente asimilados, orientar ao alumno durante o proceso de elaboración dun tema de estudo e orientar ao alumnado na busca de fontes documentais.

O desenvolvemento desta ensinanza titorizada efectuouse en dous espazos claramente diferenciados: no despacho do profesor, e no tatami do CGTD de Pontevedra.

c. **Adaptación ao ECTS**

O alumnado traballa de media case 7 horas semanais. Ao multiplicar estas horas por 14 semanas obtéñense 98 horas no cuadrimestre. A estimación da guía docente supuña 105 horas totais para esta materia, polo que o resultado, tal e como aparece no anexo c.4. foi aproximado.

Analizando de forma máis pormenorizada a distribución de horas e comparando a aplicación do novo sistema co tradicional. Pódese observar na seguinte táboa que o alumnado, por norma xeral, non invirte moito tempo no estudo dos aspectos prácticos. Pensamos que se puido deber ás dificultades de acceso á instalación.

Ítems valorados	Semana media	Semana traballo tradicional	Semana traballo ECTS
Horas docencia teórica	1:22	1:14	1:52
Horas docencia laboratorio	1:28	1:37	1:21
Horas titoría teórica	0	0	0
Horas titoría práctica	0:24	0:21	0:39

4. **Desenvolvemento da experiencia (2)**

Items valorados	Semana media	Semana traballo tradicional	Semana traballo ECTS
Horas busca bibliográfica	0:15	0:09	0:33
Horas elaboración tema	1:01	0:04	4:10
Horas estudo cognitivo	2:04	0:45	6:09
Horas estudo ou traballo práctico	0:18	0:20	0:29
Horas totais	6:59	4:32	15:11

Tendo en conta que só se levaron a cabo dous temas mediante o sistema de créditos ECTS e que as enquisas foron realizadas durante todo o cuadrimestre durante as semanas que se efectuaron traballos mediante o sistema de créditos ECTS, o alumnado invertía ao redor de 15 horas semanais. Durante as semanas onde o traballo se efectuaba conforme ao sistema tradicional, empregábanse menos horas - 4 horas e 32 minutos-.

Por outra banda, en relación ao tempo invertido na elaboración dos temas, hai que resaltar que é superior nas semanas que o alumnado tiña que traballar conforme ao sistema ECTS.

d. Métodos de avaliación

A avaliación da docencia teórica efectuouse mediante unha proba final escrita utilizando un exame tipo test.

Por outra banda, a avaliación da docencia de laboratorio realizouse de forma continúa mediante o control de asistencia do alumnado, e tamén a través dunha proba práctica final correspondente aos temas impartidos durante o curso. Esta proba consistiu nun exame oral de dez minutos aproximadamente, no que se respondía a preguntas formuladas polo profesor. Cada pregunta era valorada cun punto e eran un total de dez, para aprobar era preciso sacar un cinco. Cada pregunta compoñíase dunha parte de execución e outra de reflexión.

É necesario superar as dúas probas de forma independente, para aprobar a materia. A cualificación final obtérase realizando unha media ponderada dos dous exames superados. A asistencia ás clases prácticas e teóricas non ten carácter obrigatorio, pero, considérase importante a asistencia para completar a formación do alumno..

Será optativo a realización dun traballo persoal relacionado coa materia. O valor máximo deste traballo será 1.

Ao analizar as notas dos alumnado considérase que o sistema de avaliación é axeitado, xa que a media foi de 5.57. Se temos en conta que a cualificación media do alumnado que participou na experiencia ECTS foi de 7,5, podemos afirmar que non é tanto o método de avaliación empregado, senón o proceso de ensinanza-aprendizaxe o que determina os resultados mellores ou peores.

e. Resultados académicos

Establecéronse tres grupos de alumnado para esta análise. O primeiro grupo fórmalo os que voluntariamente se involucraron no proceso experimental, cursando a materia en formato ECTS. O segundo grupo constituíno o alumnado que iniciou esta proposta pero que

a abandonou en diferentes momentos do proceso. E por último, o terceiro grupo formado polo alumnado que non participou na experiencia e seguiu un programa semellante ao dos anos anteriores.

Preséntase unha táboa que compara as medias das cualificacións acadadas durante catro cursos (cursos 2002/2003, 2003/2004, 2004/2005 e 2005/2006).

Curso académico		Cualificación Exame teórico		Cualificación Exame práctico	
2005/2006	Grupo 1	7.5	5.57	9.04	7.72
	Grupo 2	5.82		8.47	
	Grupo 3	5.21		7.37	
2004/2005		6.08	6.39	8.20	8.67
2003/2004		6.57		8.65	
2002/2003		6.52		9.16	

Tal como se aprecia na táboa constátase que obtén mellores resultados o alumnado que participou na experiencia de créditos ECTS (7.5 e 9.04, respectivamente).

Así mesmo obsérvase que ao longo dos anos a cualificación dos exames foi diminuindo. De igual maneira, se efectuamos unha media das cualificacións teóricas e prácticas dos cursos académicos onde se utilizou un sistema tradicional (2002/2003, 2003/2004 e 2004/2005) e a comparamos coas medias obtidas no curso 2005/2006 podemos observar que as diferenzas son menores que no caso comentado anteriormente.

Ademais, se estas mesmas medias as comparamos coas medias obtidas polos alumnos que efectuaron a experiencia dos créditos ECTS, comprobaremos que son favorables para estes últimos. Concretamente, a cualificación do exame teórico é 1.11 mellor e a do práctico 0.37 mellor.

Polo tanto, a priori podemos sinalar que o feito de cursar a materia mediante o sistema de créditos ECTS supón mellores resultados.

f. Enquisas de esforzo e opinión do alumnado

Analizando os estatísticos de dificultade atopámonos no anexo c.4. que o que supón maior complexidade para o alumnado desta materia son os traballos prácticos e a docencia de laboratorio. En canto ao resto de epígrafes as puntuacións indican unha dificultade media para o conxunto da materia.

A continuación preséntase unha análise máis detallada en que se tenta comparar o sistema tradicional e o sistema ECTS. Hai que ter en conta que da guía docente só se involucrou baixo o sistema ECTS dous temas (*Tema V: A Loita na Idade Media*, e *Tema XXI: Regulamento arbitral*). A pesar disto as enquisas pasábanse semanalmente durante todo o cuatrimestre.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Items valorados	Semana media	Semana traballo tradicional	Semana traballo ECTS
Dificultade docencia teórica	2.43	2.12	2.96
Dificultade docencia laboratorio	3.11	3.11	3.16
Dificultade titoría teórica	1	1	0
Dificultade titoría práctica	2.57	2.46	2.8
Dificultade busca bibliográfica	2.17	1.8	2.62
Dificultade elaboración tema	2.72	1	2.91
Dificultade estudo cognitivo	2.61	2.08	3.57
Dificultade estudo a traballo práctico	3.29	3.75	3

Obsérvase que as diferenzas maiores son as do traballo vinculado ao alumnado.

4.5. DIDÁCTICA DA EDUCACIÓN FÍSICA I

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descrición da materia	
Nome da Materia	Didáctica da Educación Física I
Código da Materia	202510303
Carácter/tipo	Troncal
Nivel/Ciclo	Segundo Ciclo
Curso en que se imparte	Terceiro
Duración	Cuadrimestral (2º)
Nº de Horas / Créditos ECTS	112 horas / 4.5 cr. ECTS
Alumnado matriculado (total)	
Alumnado novo	
Créditos aula/grupo (A)	4,5 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	1,5 créditos
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	4 grupos
Número grupos Prácticas	0 grupos
Campus	Campus Pontevedra

Descrición da materia	
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do
	Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	Didáctica da expresión Corporal (187)
Departamento (Cod.)	Didácticas Especiais (X05)
Profesor/a	Profesora. Dra. Ana Isabel Rey Cao

OBXECTIVOS XERAIS

- Programar con coherencia intervencións educativa a través da motricidade.
- Coñecer e desenvolver os métodos didácticos da Educación Física con calidade.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CONCEPTUAIS

- Aprender os conceptos que permiten fundamentar a práctica didáctica de forma sistemática e rigurosa.
- Comprender a interacción entre os elementos do acto didáctico e a súa repercusión no ensino-aprendizaxe da Educación Física.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

- Reflexionar previamente ao deseño de sesións de Educación Física como estratexia para alcanzar a coherencia na intervención.
- Desenvolver condutas de participación e colaboración.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PROCEDIMENTAIS

- Seleccionar, secuenciar e formular obxectivos e contidos correctamente.
- Aplicar os métodos didácticos correctamente, adecuándoos aos principios, finalidades, obxectivos e contidos.
- Diseñar sesións de Educación Física realizando unha elección e ordenación axeitada dos elementos didácticos.

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.

De forma xenérica catalogamos a intervención didáctica da materia “Didáctica da Educación Física I” dentro dunha “estratexia participativa”. A estratexia participativa distínguese polo traspaso de parte das decisións ao alumnado. A finalidade é fomentar no alumnado a progresiva autonomía e a participación comprensiva. A estratexia participativa incluíra e determinará, como veremos a continuación a combinación de diferentes métodos e técnicas.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

Titulación de Actividade Física e do Deporte

A coherencia didáctica esixe que os métodos de ensino da materia “Didáctica da Educación Física I” estean ao servizo dos obxectivos da materia. Para a consecución dos obxectivos conceptuais recollidos na epígrafe anterior artéllanse os seguintes métodos de ensino:

- *Lectura comprensiva dos apuntamentos.* Estes ofrécesenlles ao alumnado con antelación e se lles indica o ritmo de lectura necesario para o aproveitamento das aulas de laboratorio e aula –qué día deben ter lido o tema por que será abordado na aula-. Este traballo debe ser realizado polo alumno/a fóra do horario docente.
- *Lección maxistral clarificadora dos conceptos máis confusos.* Expóñense por parte da profesora aqueles contidos de maior dificultade e/ou relevancia.
- *Técnica de preguntas e respostas.* Nas clases de aula os alumnos son convidados a formular as dúbidas que lles suscite o tema. Estas son respondidas conxuntamente polo grupo clase con apoio da profesora.

Técnica de preguntas e respostas. Nas reflexións final das clases de laboratorio, o alumnado que imparte a clase en coordinación coa profesora diseña unha batería de preguntas que require para a súa resposta a comprensión dos elementos didácticos empregados no deseño da sesión vivenciada.

Para a consecución dos obxectivos actitudinais artéllanse os seguintes métodos de ensino:

- *Traballo con guión.* Deseño e desenvolvemento dunha sesión de Educación Física en grupos de 2-3 alumnos/as. A profesora determina os elementos didácticos que deben poñer en práctica –un contido determinado e un método de ensino- e os alumnos articulan o resto dos elementos ata configurar unha sesión completa.
- *Defensa oral do traballo.* Os alumnos deben expoñer e defender a sesión práctica deseñada antes da súa realización nunha titoría.

Para a consecución dos obxectivos procedimentais artéllanse os seguintes métodos de ensino:

- *Resolución de tarefas procedimentais.* Estas realízanse nas aulas de laboratorio, de aula e como traballo fóra do horario docente. As tarefas baseadas en supostos son: 1. Formulación de obxectivos, 2. Elaboración de matrizes de contidos abstractas e epistemolóxicas, 3. Selección e secuenciación de contidos, 4. Redacción de contidos procedimentais, 5. Redacción de tarefas, 6. Elaboración dunha progresión de aprendizaxe para unha habilidade motriz. 7. Deseño de métodos para o control da disciplina –contratos, técnicas de avaliación oral do grupo-.
- *Traballo con guión.* Deseño e desenvolvemento dunha sesión de Educación Física en grupos de 2-3 alumnos/as. A profesora determina os elementos didácticos que deben poñer en práctica –un contido determinado e un método de ensino- e os alumnos articulan o resto dos elementos ata configurar unha sesión completa.

c. Adaptación ao ECTS

O número de horas establecidas para a guía docente foi de 112,5 horas mentres que o resultado do cálculo que se pode observar no anexo c 5, e sen ter en conta as horas de exame, foi de 114, 59. Nesta materia o número de horas que empregou o alumnado foi superior ao cálculo que se fixo na guía, aínda que a diferenza non é moi grande.

d. Métodos de avaliación

AVALIACIÓN DA DOCENCIA DE AULAS:

- Avaliación continua. Elaboración e entrega dos traballos propostos na aula. Só se valorarán para aquel alumnado que ese día asistise á aula:
 1. Práctica de obxectivos.
 2. Práctica de secuenciación de contidos
 3. Práctica de progresión de tarefas para a aprendizaxe dunha habilidade.
 4. Contrato de compromiso de condutas apropiadas profesora-alumno/a

Traballos voluntarios: previa consulta coa profesora antes do mes de marzo. Nunha titoría o alumno/a presenta á profesora a súa idea de traballo voluntario. Este debe ter implicación cos contidos e obxectivos de Didáctica da Educación Física I. Normalmente ós alumnos/as propoñen presentar unha programación vencellada algunha práctica de intervención docente profesional que realizan (docencia en actividades corporais extraescolares ou algunha asociación, etc.).

Cando o alumno/a non ten ningunha suxerencia pero manifesta interese na realización dun traballo voluntario, a profesora en función dos seus intereses propónlle un tema que teña aplicación na docencia da materia. Por exemplo, este ano propoñíase ao alumnado realizar unha avaliación con método de observación non participante do uso do espazo e as relacións sexo feminino-masculino nas clases que imparten nas aulas de laboratorio os seus compañeiros –como parte do traballo obrigatorio–.

- Avaliación final. Exame escrito: preguntas curtas de índole conceptual e desenvolvemento procedimental de programación de elementos didácticos.

AVALIACIÓN DA DOCENCIA DE LABORATORIOS:

- Avaliación continua: Control da asistencia a clase.
- Avaliación final. **Traballo escrito:** Obrigatorio para todos os alumnos. Deseño e desenvolvemento dunha intervención didáctica en educación física. Cada grupo de dúas (ou tres se así o indica a profesora) persoas desenvolverá a sesión práctica segundo as características básicas determinadas na opción que lle corresponda por indicación da profesora. En cada unha delas abórdase especificamente un elemento didáctico dos contidos de laboratorio da materia. Tomando como base ese elemento didáctico o grupo deberá deseñar o resto de elementos didácticos para constituir a súa sesión. Esta sesión deberá ser impartida aos seus compañeiros nas aulas prácticas. É obrigación do alumno/a manterse informado das posibles modificacións no calendario de prácticas que se actualizará no taboleiro e/ou comunicación na clase.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

O traballo consistiu no deseño e desenvolvemento dunha intervención didáctica en educación física: Cada grupo de dúas persoas (ou tres en caso de que así o determine a profesora) programará e desenvolverá unha práctica segundo as características básicas determinadas na opción que lle asigne a profesora. Existen oito opcións diferentes de traballo, en cada unha delas abórdase especificamente un elemento didáctico do programa da materia. Tomando como base imprescindible a presenza dese elemento didáctico en cada unha das sesións, o grupo deberá deseñar o resto de elementos didácticos para constituir a sesión.

Na memoria final entregarase o relato de todo o proceso segundo os pasos que se especifican neste documento.

Exame práctico: Só para aquel alumnado que non superaron a avaliación continua. Exposición didáctica dunha sesión ou parte da mesma segundo os criterios explicitados o día do exame.

e. Resultados académicos

Unha experiencia dun único ano académico non é moi fiable para atribuír ós resultados ós métodos empregada. Seguro que outras variables influen nos resultados académicos. Por exemplo, a promoción de alumnos/as coa que se puxo en práctica a experiencia de adaptación dos créditos ECTS caracterízase por ter en xeral un baixo rendemento académico e unha escasa asistencia a clase. Estas variables poden ter influído nos resultados académicos, que foron lixeiramente inferiores aos do curso 2004-05 no índice de aprobados.

Voume referir exclusivamente aos datos da convocatoria ordinaria de xuño, xa que é a convocatoria na que maior incidencia teñen os efectos docentes da experiencia cos ECTS. Os índices de *Non presentados* nos cursos 2004-05 e 2005-06 é similar. O índice de suspensos é dun 40% no curso 2005-06 mentres que no 2004-05 fóra lixeiramente inferior (37,4%). As porcentaxes de *notables*, *sobresalientes* e *matrículas de honra* non teñen diferenzas relevantes.

En definitiva, a análise cuantitativa dos datos non achega diferenzas substantivas nos resultados académicos do curso 2005-06 en referencia ao 2004-05.

Outra vía de análise sería determinar se en función do nivel académico da promoción, estes resultados poderían ser peores cos da promoción anterior de non se teren aplicado as metodoloxías do ECTS. A pesar desa percepción de peor nivel a promoción acadou cotas similares de resultado académico a promoción 2004-05.

Quizais este feito podía atribuírse ao comentado de que os alumnos/as que superaron a materia no 2005-06 foron os que asistiron á clase con asiduidade e seguiron as propostas de avaliación continua.

f. Enquisas de esforzo e opinión do alumnado

Para esta materia a maior dificultade é para o traballo grupal e para a docencia teórica como se pode observar no anexo c 5. De todos os xeitos os valores son medios, o que indica que a dificultade da materia é media.

4.6. EXPRESIÓN CORPORAL

a. Descripción da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descripción da materia	
Nome da Materia	Expresión Corporal
Código da Materia	202510333
Carácter/tipo	Troncal
Nivel/Ciclo	Primeiro ciclo
Curso en que se imparte	Segundo
Duración	Cuadrimestral (2º)
Nº de Horas / Créditos ECTS	50 horas/5 créditos
Alumnado matriculado (total)	73
Alumnado novo	
Créditos aula/grupo (A)	4,5 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	1,5 créditos
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	3 grupos
Número grupos Prácticas	0 grupos
Campus	Campus Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	Didáctica da Expresión Corporal (187)
Departamento (Cod.)	Didácticas Especiais (X05)
Profesor/a	Profesora. Dra. Cristina López Villar (0187)

OBXECTIVOS XERAIS

- Dominar os fundamentos básicos teóricos e prácticos da expresión corporal.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CONCEPTUAIS

- Coñecer a evolución desta disciplina e os diferentes ámbitos de aplicación.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

- Comprender a importancia do desenvolvemento da expresión corporal dentro do campo de coñecemento da educación física.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PROCEDIMENTAIS

- Experimentar e assimilar as distintas técnicas de expresión corporal.
- Diseñar sesións de expresión corporal que propicien un clima de aprendizaxe significativa e motivadora.

ObxectivoS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

- Participar de forma activa, tanto nas clases teóricas como nas prácticas.
- Manter unha actitude crítico-reflexiva durante o desenvolvemento da materia.

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.

As metodoloxías empregadas nesta materia tentan fomentar a participación e autonomía do alumnado. Aínda que xa se estaban a desenvolver metodoloxías participativas ao entrar no proxecto tentouse incrementar o número de métodos activos en detrimento doutros máis pasivos como pode ser a clase maxistral.

O uso das metodoloxías docentes foi sempre dentro do marco das metodoloxías participativas, nas que o alumnado é activo e o protagonista principal do proceso. Dentro das metodoloxías empregáronse diferentes métodos nos distintos contextos do proceso:

- Nas aulas presenciais: baséuse en métodos de lección maxistral participativa ou traballo en grupos para facer lecturas comprensivas de artigos, observación de audiovisuais e dinámicas de comunicación e expresión.
- Nas actividades non presenciais empregáronse as buscas de información ou bibliográficas, a síntese de artigos, a elaboración de traballos con guión.
- Nas aulas de laboratorio: utilizouse principalmente metodoloxía de resolución de problemas aínda que tamén se empregou a asignación de tarefas.

c. Adaptación ao ECTS

O cálculo da guía docente foi de 125,5 horas e o resultado final foi de 94, 91 como se pode observar no anexo c 6, polo que o cálculo da guía foi superior ao real aínda que non existen moitas diferenzas.

d. Métodos de avaliación

O sistema de avaliación foi continuo. Para concretar a forma de avaliación, falaremos da cualificación que se traduce nos epígrafes seguintes:

ASPECTO	CRITERIOS	INSTRUMENTOS	PESO
Asistencia e participación máis memoria	-Participación activa na clase -Achegar o material solicitado. -Implicación no desenvolvemento do diario (ver anexo)	-Diario do alumnado -Diario da profesora	20%
Conceptos da materia	Dominio dos coñecementos teóricos e de aplicación práctica da materia	Exame teórico con preguntas curtas e test	50%
-Traballo de investigación sobre danzas populares -Traballo de observación -Dossier de artigos	-Entrega na data establecida -Presentación organizada da información. Os criterios de avaliación concretos explicaranse o primeiro día de clase	Os propios traballos serán avaliados segundo unha ficha.	30%
Traballos voluntarios	-Pertinencia do contido en relación á materia.		10 %

e. Resultados académicos

Analizando os datos dos tres cursos en que se impartiu a materia non atopamos diferenzas moi importantes respecto ao último curso. Si se atopan máis diferenzas co curso 2003-04 pero moitas veces os resultados académicos tamén dependen da implicación da promoción na materia. Para acadar matrícula de honra había que facer traballos voluntarios e no caso do curso 2005-06 ningún alumno escolleu esta opción.

Notas	2003-04	04-05	05-06
MH	5	1	0
SOBRESALIENTE	6	2	1
NOTABLE	32	13	19
APROBADO	35	31	35
SUSPENSO	10	25	18
NP	14	18	19

f. Enquisas de esforzo e opinión do alumnado

A dificultade desta materia para o alumnado é moi baixa, a maior dificultade é para a docencia teórica como se pode observar no anexo c 6.

En canto á opinión do alumnado sobre esta materia, baixou un pouco respecto ao curso anterior en todos os epígrafes da enquisa. Non sabemos se o motivo é a aplicación do novo sistema, xa que non ocorreu noutra materia impartida pola mesma profesora.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

4.7. FUNDAMENTOS E CONTIDOS DIDÁCTICOS DA NATACIÓN E ACTIVIDADES ACUÁTICAS

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descrición da materia	
Nome da Materia	Fundamentos e Contidos Didácticos da Natación e Actividades Acuáticas
Código da Materia	202510105 202510805(C. de Formación)
Carácter/tipo	Troncal
Nivel/Ciclo	Primeiro Ciclo
Curso en que se imparte	Primeiro
Duración	Cuadrimestral
Nº de Horas / Créditos ECTS	100 horas /4 cr. ECTS
Alumnado matriculado (total)	88
Alumnado novo	80
Créditos aula/grupo (A)	1,5 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	3 créditos
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	4 grupo
Número grupos Prácticas	0 grupo
Campus	Campus Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	Educación Física e Deportiva (245)
Departamento (Cod.)	Didácticas Especiais (X05)
Profesor/a	Prof. Dr. José Mª Cancela Carral

OBXECTIVOS XERAIS

- Coñecer a evolución do deporte da natación e os seus diferentes ámbitos de aplicación.
- Identificar os plantexamentos actuais da natación e os factores que inflúen nos mesmos.

- Coñecer os fundamentos técnico-tácticos e didácticos da natación.
- Dominar na practica e describir a técnica dos catro estilos de competición e os seus aspectos regulamentarios básicos.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: CONCEPTUAIS

- Coñecer as características da Natación como deporte individual nun medio diferente como é a auga.
- Coñecer a orixe da natación; como evolucionou historicamente e pedagoxicamente.
- Identificar, nomear e representar as habilidades técnicas da natación.
- Coñecer e dominar a técnica de estilos na natación de competición

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: ACTITUDINAIS

- Espertar o interese cara á práctica e/ou divulgación da natación.
- Xerar inquietudes para que se profunde no coñecemento de cada un dos elementos que conforman a actividade física no medio acuático, considerando que no futuro poderán obter unha información máis específica.
- Entender os fundamentos científicos en que se fundamentan os contidos que se desenvolven na materia, interrelacionándoos con outras disciplinas.
- Fomentar unha actitude crítica ante a ensinanza-aprendizaxe do deporte, favorecendo a toma de decisións apropiadas en cada contexto de aplicación

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS: PROCEDIMENTAIS

- Analizar e aplicar follas de avaliación da técnica de natación
- Experimentar e practicar as habilidades básicas na adaptación ao medio acuático, alcanzando un dominio básico.
- Diseñar actividades e exercicios que permitan a corrección das causas máis comúns que producen erros na aprendizaxe da técnica en natación.
- Elaborar actividades pedagóxicas que permitan a través de exercicios e xogos facilitar a adaptación e dominio do medio acuático

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.

Desenvolveuse unha páxina Web da materia en que o alumnado tiña unhas fichas de traballo por tema e grupo. Despois de traballar ese tema na clase faise un resumo do mesmo e ubícase na Web para que todo o alumnado teña acceso á información, así como unha epígrafe de autoavaliación onde pode xulgar se acadou os contidos e Obxectivos formulados ou non.

A Web era de acceso restrinxido e o enderezo é <http://webs.uvigo.es/chemacc/jmdocencia.htm>

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

c. Adaptación ao ECTS

Para esta materia o número de horas foi de 107 na guía docente e os datos resultantes sen ter en conta os cálculos do exame foi de 212,64 horas, o que supón un número de horas moi por riba das que lle corresponderían seguindo a planificación inicial.

d. Métodos de avaliación

AVALIACIÓN TEÓRICA

Pretende valorar o grado de cumprimento dos obxectivos didácticos e particularmente os de aprendizaxe. Dado que os obxectivos didácticos perseguen a integración e globalización da información sobre os fundamentos e contidos didácticos da natación e actividades acuáticas, as probas avaliativas que presentaremos atenderán a preguntas que requiran dun esforzo de síntese, nas que adicionalmente se valorará a capacidade de expresión escrita do alumno (preguntas abertas tipo tema). Debido a que os obxectivos didácticos trazados tamén aluden ao grado en que os alumnos fan extracción de información, a proba de coñecementos debe incluír á análise de tarefas.

A proba de coñecementos é obrigatoria e será ponderada cun 60% da nota final. Para proceder á cualificación final do alumno esta proba debe ser superada, acadando unha puntuación igual ou superior ao valor medio de ponderación que se estableza (Vg.: un 3 se a ponderación é do 60%). En cada convocatoria realizarase, un só exame final de toda a materia impartida na materia, no cal se incluírán contidos tratados nas clases teóricas e prácticas

AVALIACIÓN PRÁCTICA

1. Proba de execución sobre os contidos desenvolto nas prácticas. Realizarase un exame práctico sobre as habilidades e destrezas motrices executadas durante as clases prácticas. A súa avaliación só se considerará apto ou non apto, co que non existe outro tipo de avaliación. Esta avaliación é de carácter obrigatorio, polo que de non se realizar ou de non se superaren os obxectivos establecidos implicará que non se aproba a materia. Ditos obxectivos basearanse na realización, atendendo aos criterios establecidos, de determinadas actividades acuáticas tratadas durante o curso.
2. A memoria de prácticas da Materia. Co obxectivo de motivar ao alumnado a facer un seguimento continuo de todas as actividades prácticas que se desenvolvan no marco do horario lectivo, propoñemos tamén como parte integrante da avaliación a elaboración dunha memoria que detalle a ensinanza recibida. O contido desta memoria debe describir e comentar as clases teórico-prácticas. Os criterios de deseño que poden seguir os alumnos para a elaboración da memoria son libres, aínda que ofrecemos un modelo para aqueles que non coñezan como abordala. A memoria debe conter un anexo en forma de fichas onde se inclúan: 1. Representación Gráfica e descrición da tarefa cunha das súas posibles variantes, 2. Os obxectivos primarios e secundarios, 3. O contido desenvolvido, 4. Os patróns motores solicitados e o tipo de tarefa, etc. A memoria de prácticas da materia é obrigatoria e será ponderada cun 30%. Para proceder á cualificación final do alumno esta proba debe ser superada, alcanzando unha puntuación igual ou superior ao valor medio de ponderación que se estableza (Vg.: un 1,5 sea la ponderación é do 30%).

AVALIACIÓN OPTATIVA

Os temas de estudo e traballo. Forman parte dunha concepción de actividades formativas para o alumno a desenvolver fóra do tempo lectivo. Son de carácter optativo. Os alumnos deben escoller entre a elaboración individual dunha recensión ou un tema de estudo, de entre un conxunto de temas que o profesor proporá. A elección do tema (no caso do traballo) e de a obra (para a recensión) non é pechada e o alumno pode elixir calquera outra opción previa consulta ao profesor, que valorará a súa relación cos contidos da materia. Previamente entregárase ao alumnado material que contén documentación sobre os procedementos a seguir na elaboración destes temas de estudo. O feito de mostrarnos máis interesados no propio proceso de elaboración, ca nos seus resultados, lévanos a incitar aos alumnos a visitar as titorías para valorar conxuntamente as fases que seguen ata a súa completa redacción. A valoración que poden acadar os temas de estudo e traballo debe ser como máximo un valor igual a 1, que será cualificado en función da súa índole e do enriquecemento que dea ao ó alumno e ao resto de compañeiros.

e. Resultados académicos

Analizando os datos do 2004-2005 e os do 2005-2006, observamos que aínda que a metodoloxía utilizada foi diferente, os datos son moi semellantes:

Cualificación	2004-2005	2005-2006
Non presentado	14	10
Suspenso	13	19
Aprobado	35	49
Notable	21	23
Sobresaliente	1	2
Matrícula de Honra	2	1

4.8. MÉTODOS Estadísticos

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descrición da materia	
Nome da Materia	Métodos Estadísticos de Investigación en el ámbito de la Educación Física y el Deporte.
Código da Materia	202510306
Carácter/tipo	Obrigatorio
Nivel/Ciclo	Segundo ciclo
Curso en que se imparte	Terceiro curso
Duración	Cuadrimestral (2º)

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

Titulación de Actividade Física e do Deporte

Descrición da materia	
Nº de Horas / Créditos ECTS	6 créditos (1.5 laboratorio) ≈ 4.26 ECTS ≈ 107 horas de traballo total del alumno
Alumnado matriculado (total)	
Alumnado Novo	
Créditos aula/grupo (A)	4.5 créditos
Créditos laboratorio/grupo (L)	1.5 créditos
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1 grupo
Número grupos Laboratorio	
Número grupos Prácticas	0 grupos
Campus	Campus Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en Ciencias da Actividade Física e do Deporte (202510)
Plan de Estudos	22/Xullo/1999 (Pax B.O.E. -17.365)
Área de Coñecemento (Cod.)	
Departamento (Cod.)	Estatística e Investigación Operativa
Profesor/a	Profesora. Dra. María del Carmen Iglesias Dr. Juan Vidal Puga

OBXECTIVOS

- Coñecer e comprender o obxecto de estudo da Estatística, distinguindo entre o nivel descritivo e o inferencial
- Coñecer, saber aplicar e interpretar correctamente as técnicas descritivas básicas para a análise de variables uni e bidimensionais
- Comprender e valorar o interese dos modelos matemáticos de probabilidade como ferramenta fundamental para a análise de datos onde a variabilidade é consubstancial ao problema que se estuda. Manexar o modelo de distribución Normal
- Coñecer os principais conceptos ligados á mostraxe probabilístico, a estimación de parámetros e o contraste de hipóteses. Comprender o significado do nivel de confianza e o sentido da significación estatística. Ser capaz de presentar e interpretar correctamente contrastes sinxelos
- Coñecer os pasos para a construción dun modelo estatístico. Saber citar algún exemplo relevante

- Ser capaz de formular problemas reais do ámbito da actividade física e o deporte en termos estatísticos. Analizar os datos dalgún problema concreto utilizando software estatístico

OBXECTIVOS DE ACTITUDE

- Favorecer unha actitude positiva cara ao cuantitativo en xeral, e a Estatística en particular, así como cara a súa manipulación informática
- Espertar o gusto polo uso e estudo da Estatística, véndoa como unha ferramenta que permite aprender máis sobre o propio campo de coñecemento e iniciarse na realización de investigacións propias
- Fomentar a sensibilidade cara aos valores propios do pensamento científico, favorecendo as actitudes asociadas ao uso e desenvolvemento dos métodos estatísticos como: o cuestionamento das ideas intuitivas, a análise crítica das afirmacións, a necesidade de verificación, a capacidade de análise e síntese ou a toma de decisións racionais
- Fomentar unha actitude de compromiso ético, incidindo no relativo a: a obtención dos datos, a non manipulación dos resultados ou o non copiar os estudos doutros nin aproveitarse do seu traballo

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.

Para conseguir os obxectivos xerais da materia así como as destrezas e habilidades sociais expostas na guía docente puxemos en práctica as seguintes metodoloxías docentes:

1. **Clases maxistras de teoría:** adicadas a explicar os fundamentos teóricos utilizando apuntamentos proporcionados polo profesor (a entrega dos apuntamentos elaborados fíxose por primeira vez).

Esta metodoloxía pretendía conseguir unha transmisión rápida e seleccionada de coñecementos. Foise especialmente coidadoso coa claridade na exposición, a adaptación do nivel de coñecementos ao grupo de alumnos, a relación dos conceptos teóricos con aplicacións prácticas relativas a titulación, así como co seguimento da comprensión dos conceptos e a motivación sobre a aplicación dos mesmos.

2. **Clases maxistras de problemas:** adicadas á resolución de exercicios tipo, e á presentación e análise de problemas por parte do profesor.

Esta metodoloxía pretendía proporcionar un modelo de actuación encamiñado a conseguir habilidade e rapidez no manexo dos conceptos e dos métodos estatísticos, aprendendo a aplicar e seleccionar as técnicas adecuadas para cada problema concreto.

3. **Resolución de problemas en grupos de traballo** (nova experiencia): nun primeiro paso os alumnos traballaban en grupo fóra da clase sobre exercicios tipo, formulación e análise de problemas ou investigación de cuestións de interese. Despois, xa na clase, o grupo que o profesor elixira tiña que expoñer o traballo feito aos demais compañeiros.

Con esta metodoloxía pretendeuse mellorar o traballo en común e a colaboración entre compañeiros, a interrelación entre alumnos e co profesor, o enfron-

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

tamento e resolución de problemas e de cuestións novas mediante técnicas estatísticas, a mellora na exposición oral e escrita (no encerado) cara aos compañeiros, a defensa dos propios argumentos con criterios racionais.

4. **Uso da plataforma de docencia virtual tema** (nova experiencia). Os documentos de traballo foron colgados nesta plataforma de docencia virtual. Os alumnos tiveron que realizar actividades virtuais consistentes en enviar un arquivo electrónico sobre unha pregunta tipo test de cada tema. Estas preguntas foron engadidas a cuestionarios electrónicos que o alumnado podía usar para avaliar os seus coñecementos.

O obxectivo desta metodoloxía foi o desenvolvemento de habilidades no uso de ferramentas informáticas e virtuais e a implicación do estudante no proceso de autoavaliación da súa aprendizaxe.

Clases de prácticas de laboratorio: a idea fundamental das clases de práctica de laboratorio foi practicar coas ferramentas informáticas de uso estatístico. En todo momento tratouse de que a temporalización dos contidos das prácticas coincidira coa temporalización dos contidos das clases teóricas. En cada clase os alumnos dispoñían dunha folla de prácticas auto explicativa para practicar o manexo do paquete estatístico SPSS. A metodoloxía utilizada en cursos anteriores consistía na división da clase de laboratorio en dúas partes: unha parte en que o profesor explicaba a utilización das ferramentas do programa e unha segunda parte en que os propios alumnos debían practicar con estas ferramentas utilizando para isto novos datos e variables. A idea neste curso era a de fomentar o traballo individual do alumno e o seu proceso de auto aprendizaxe co apoio individualizado do profesor.

Realización dun traballo práctico en grupo: os alumnos debían facer grupos de entre 4-5 persoas para realizar un traballo práctico con datos reais e recentes recollidos por eles mesmos. O traballo era continuo e esixía a entrega en prazos periódicos de cada unha das partes: Introducción, explicación dos datos e das variables, ficheiro de datos en formato de SPSS, análise unidimensional, análise bidimensional, inferencia, e conclusións. Ao remate de cada parte, o alumnado debía encher un cuestionario (nova experiencia) en que tiñan a opción de puntuar a contribución dos seus compañeiros de grupo na realización de cada unha das partes. A partir destas respostas, os alumnos podían coñecer a opinión mediana que a súa contribución tiña para os seus compañeiros, pero non as respostas individuais de cada un. Esta contribución tíñase en conta para ponderar a nota global de cada unha das partes. Na cualificación do traballo tíñase en consideración non só o correcto uso das ferramentas estatísticas senón tamén o correcto planteamento do problema e a análise crítica das afirmacións. O obxectivo desta metodoloxía era a de iniciarse no uso das ferramentas estatísticas para a realización de investigacións propias á vez que fomentaba unha actitude de compromiso ético. Deste xeito incidíase no relativo á imparcialidade na obtención dos datos e na presentación dos resultados, á non manipulación dos resultados e a non copiar os estudos doutros nin aproveitarse do traballo alleo.

c. Adaptación ao ECTS

O cálculo da guía docente foi de 107 horas aínda que o resultado final sen o cálculo de horas de exame foi de 70,88 o que supón un resultado inferior do que se calculou, pero aproximado. Pódense observar os datos no anexo c 8 .

d. Métodos de avaliación

Na avaliación dedicouse un punto do total a valorar as novas actividades: resolución de problemas nos grupos de traballo e actividades virtuais.

Na avaliación puntuábase cada unha das partes do traballo de forma individual, á vez que se daban comentarios dos erros cometidos. A nota resultaba da ponderación destas puntuacións mediante a contribución de cada alumno, tendo en conta a percepción desta por parte dos compañeiros de grupo.

A avaliación expresada na guía foi a seguinte:

- Avaliación da docencia de aula: exame e actividades (8 puntos). Realizarase un exame final de teoría e resolución de problemas, que puntuará ata un máximo de 7 puntos.

O conxunto de actividades realizadas ao longo do curso sumarán un máximo de 1 punto. Estas actividades inclúen a resolución de problemas en grupo e a análise dun problema real.

- Avaliación da docencia de Laboratorio: exame e asistencia (2 puntos). As prácticas de laboratorio puntuarán ata un máximo de dous puntos en función da asistencia e dun exame da mesma.

Para superara a materia, o alumnado deberá acadar unha nota mínima total de 5 puntos, sendo obrigado un mínimo de 3 (sobre 7 puntos) no exame teórico-práctico.

e. Resultados académicos

Dado que a docencia desta materia foi impartida por dous profesores e unha corresponde aos créditos de aula e outra aos de laboratorio, presentámolos de forma separada.

- Resultados académicos aula

Na seguinte taboa móstrase: o número de alumnos matriculados e de presentados, e as porcentaxes de aprobados e suspensos sobre os alumnos presentados correspondentes á convocatoria de xuño dos últimos anos en que impartín a materia como profesor responsable (cómpre mencionar que no curso 2002-03 esa responsabilidade foi compartida):

Curso:	2001-02	2002-03	2004-05	2005-06
Nº matriculados	89	121	125	114
Nº presentados	64	83	68	63
% presentados	72%	69%	54%	55%
% aprobados	80%	67%	69%	81%
% suspensos	20%	33%	31%	19%

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

Titulación de Actividade Física e do Deporte

Dos datos anteriores pódese destacar:

- A baixada rexistrada nos últimos cursos do número de alumnado presentado.
- O descenso de suspensos no último curso.

Respecto das actividades de avaliación continua, tomouse a decisión de que non prexudicasen aos alumnos, de modo que se a súa puntuación baixaba a nota final non a tería en conta. Así, dos 63 alumnos presentados só 16 (=25%) obtiveron unha nota mellor utilizando o sistema de avaliación continua respecto do tradicional.

Estes datos e a experiencia da clase fan pensar que a esixencia dun traballo máis continuo sobre a materia favorece o seu coñecemento e implica un menor número de suspensos usando o sistema tradicional de avaliación. Porén, a avaliación continua das actividades de aprendizaxe resulta un sistema máis esixente que o sistema tradicional. Ao meu entender, mentres non estea implantado de xeito oficial e único, pode acarrear situacións inxustas.

- Resultados académicos prácticas

Curso:	2003-2004	2004-2005	2005-2006
Nº Matriculados	130	125	114
Asistencia media	75 (desv. tip. 6)	78 (desv. tip. 3)	71 (desv. tip. 3)
% Asistencia media	58%	62%	62%
% Exame / traballo	69% (exame)	68% (exame)	69% (traballo)
Nota media	5,3 (desv. tip. 2,1)	4,7 (desv. tip. 1,6)	7,1 (desv. tip. 3,4)
Aprobado parcial	49 (54%)	46 (54%)	64 (81%)

O máis salientable destes datos é o aumento nas cualificacións e no número de aprobados debido á realización do traballo. Pola contra, a asistencia tanto ás clases como á avaliación parcial (sexa exame ou traballo) parece permanecer estacionario.

Ao remate do curso os alumnos foron invitados a encher un cuestionario anónimo en que debían valorar o método de avaliación do traballo. Un total de 22 alumnos contestaron ao cuestionario. Os resultados máis salientables foron os seguintes:

- A maioría (un 59%) estaba de acordo ou moi de acordo en que a nota que obtivera polo seu traballo era xusta. O 9% estaba en desacordo e o 32% restante non se pronunciaba.
- A maioría (un 55%) estaba de acordo ou moi de acordo en que a nota que obtiveran os seus compañeiros de grupo era xusta. O 23% estaba en desacordo ou moi en desacordo e o 23% non se pronunciaba.
- Respecto á pregunta de se o uso de cuestionarios é un método eficaz para identificar quen traballa nun grupo, o 50% estaba en desacordo ou totalmente en desacordo, o 37% estaba de acordo ou totalmente de acordo, e o 14% non se pronunciaba.

- Respecto á pregunta de se o uso de cuestionarios é un método eficaz para potenciar o traballo en grupo, o 46% non se pronunciaba, o 32% estaba en desacordo ou moi en desacordo e o só o 23% estaba de acordo ou moi de acordo.

f. Enquisas de esforzo e opinión do alumnado

Para esta materia o aspecto de maior dificultade foi a titoría e as actividades de laboratorio. Os datos completos pódense observar no anexo c 8.

A continuación móstranse os resultados obtidos nas enquisas docentes dos alumnos nesta materia respecto ao docente que impartiu os contidos teóricos:

Curso:	2001-02	2002-03	2004-05	2005-06
Puntuación: (0-5)	3.73	*	3.95	3.52

* (tamaño da mostra excesivamente pequeno)

Aínda que se aprecia un lixeiro descenso, non é inmediato que se deba a implantación da nova experiencia metodolóxica.

A continuación amósanse os resultados obtidos nas enquisas docentes correspondentes á docencia de laboratorio:

Curso:	2003-2004	2004-2005	2005-2006
Puntuación (1-5):	3,48	3,0	2,26

O radical descenso na valoración global neste último curso leva a reflexionar respecto ao deseño e adaptación da nova metodoloxía empregada nesta parte de laboratorio.

4.9. PREVENCIÓN DE LESIÓNS NA PRÁCTICA DEPORTIVA

a. Descrición da materia no plan de estudos, obxectivos e carga docente; evolución previa da materia.

Descrición da materia	
Nome da Materia	Prevención de lesións na práctica deportiva
Código da Materia	202510413
Carácter/tipo	Obrigatoria
Nivel/Ciclo	Segundo ciclo
Curso en que se imparte	4º
Duración	Cuadrimestral
Nº de Horas / Créditos ECTS	
Alumnado matriculado (total)	82 no ano 2004-05

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

Titulación de Actividade Física e do Deporte

Descrición da materia	
Alumnado novo	69 no ano 2004-05
Créditos aula/grupo (A)	6
Créditos laboratorio/grupo (L)	0
Créditos prácticas/grupo (P)	0
Número grupos Aula	1
Número grupos Laboratorio	0
Número grupos Prácticas	0
Campus	Pontevedra
Centro	Facultade de Ciencias da Educación
Titulación (Cod.)	Licenciatura en
	Ciencias da Actividade Física e do Deporte
Plan de Estudos	22 de xullo de 1999 (BOE 11/08/99)
Área de Coñecemento (Cod.)	Fisioterapia (413)
Departamento (Cod.)	Bioloxía Funcional e Ciencias da Saúde (C01)
Profesor/a	Gustavo Rodríguez Fuentes (coordinador) e Borja Novoa Castro

ObxectivoS

- Coñecer os distintos métodos activos e pasivos para a prevención de lesións no eido deportivo, facendo fincapé na hixiene postural, nas vendaxes e nas orteses.
- Adquirir unha base teórica sobre as lesións deportivas tipo.
- Coñecer os métodos de prevención e de tratamento de urxencia ante unha lesión deportiva.
- Coñecer a incidencia de lesións nos distintos deportes, así como a medicina ambiental nalgún deles.

b. Deseño da adaptación: novas metodoloxías docentes.

Esta materia impartiuse por dous profesores, Borja Novoa Castro responsable dos contidos dos temas 2, 5, 7 e 8 e Gustavo Rodríguez Fuentes, coordinador da materia e responsable dos contidos dos temas 1, 3 e 4 do programa da materia.

Ao longo dos anos anteriores á entrada no proxecto de adaptación ao EEES, a docencia baseábase na impartición de clases onde se combinaban lección maxistral e clases teórico-participativas. Dentro destas fomentábase o intercambio de experiencias e o estudo e análise das mesmas en función da materia impartida (non debemos esquecer que a ligazón de actividade física e deporte e lesións e prevención de lesións é forte). Estas clases máis interactivas non só eran a proposta do profesor, senón tamén polo interese dos alumnos ou polas súas propias experiencias e vivencias.

- **Para os temas 1, 3 e 4.**

Clases con apoio en presentacións en powerpoint e, polo tanto, empregando ordeador persoal e canón de proxección. Ademais, tamén vídeos. E en menor medida, encerado e xiz.

No proceso de adaptación da materia, ás indicacións metodolóxicas propostas na actualidade (máis vencelladas ao uso de novas tecnoloxías de información e información –NTIC-), supuxeron no ano 2005-06 introducir algunhas modificacións na materia dende un punto de vista metodolóxico:

- Elaboración dunha páxina web propia, onde se expuña a guía docente, as presentacións das clases en formato pdf (as cales facilitaron enormemente aos alumnos o seguimento da materia e fixeron máis áxiles as clases presenzais), a organización temporal da materia, titorías, datas de avaliación e revisión de exames e cualificacións (<http://webs.uvigo.es/gfuentes>).
- Redución das horas de docencia presenzal (concretamente un terzo), pero nas cales se seguiu a mesma metodoloxía: horas de docencia maxistral apoiada sobre todo en presentacións en powerpoint e vídeos, xunto con estudo de situacións lesivas concretas a interese, fundamentalmente, dos propios alumnos.
- O resto das horas establecidas polo horario escolar adicáronse á titurización e exposición dos traballos dos alumnos, así como a súa avaliación por parte de todos: os propios alumnos, os seus compañeiros e o profesor segundo, tal e como se pode observar no punto seguinte. Inicialmente, os profesores demos unha batería de posibles temas xa divididos en dous grandes grupos segundo quen fose o profesor encargado de facer o seu seguimento. A eles fóronse apuntando os alumnos, ben dun xeito individual, ben en grupos ata un máximo de tres compoñentes. A mediados de outubro xa estaban asignados os temas aos distintos grupos de alumnos. Nalgúns casos xa se fixeran perviamente certas especificacións ao tema a traballar tras acordo entre alumnos e profesor. Por exemplo, un tema proposto inicialmente titulábase “Traballo de propiocepción en membros inferiores”, que despois se transformou en “Traballo de propiocepción en membros inferiores para esquiadores”. Ademais, pola propia natureza da temática dos traballos, algún deles foron expostos no pavillón deportivo dun xeito práctico, como o caso citado, en lugar da aula de clase normal. Unha vez que temas e grupos estaban clarexados, levouse adiante unha explicación xeral de cómo facelo (epígrafes básicos do traballo e explicación da forma de avalialo cos criterios que aparecían na guía docente), unha titoría inicial con cada grupo para ver as liñas xerais de cada tema e, xa de forma completamente opcional, titorías de seguimento do traballo.
- Finalmente indicar que, xa dende o día da presentación, quedou establecida a data na que se ía a adicar as horas de clases a clarificar dúbidas, sobre todo de cara ao exame tipo test, que lle chamamos titoría xeral.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

- **Temas 2, 5, 7 e 8.**

Durante os anos anteriores ao período lectivo 2005-06, as clases consistían nunha lección maxistral e clases teórico-participativas intentando aplicar en todo momento a materia impartida nesa lección a experiencia de cada un dos alumnos, xa que todos eles teñen unha ampla experiencia nalgunha modalidade deportiva.

As clases eran impartidas con apoio de presentacións en transparecias, encerado e ocasionalmente en powerpoint. Xa no ano 2004-05 o uso de ordeador persoal e canón foise xeneralizando xa que se dispoñían de máis medios técnicos na facultade, ata que no ano 2005-06 xa se empregaron de maneira continuada. O tempo de impartición de leccións teóricas tamén se reduciu máis en favor da presentación de traballos en clases, todo isto debido á entrega de parte da materia en fotocopiadora e á axilización das clases maxistrais co uso das presentacións en powerpoint.

O emprego dos traballos prácticos como parte da avaliación foi collendo cada vez máis relevancia debido á experiencia positiva que supuña para os alumnos que o facían e para o resto dos compañeiros que asistían ás presentacións.

Os obxectivos que nos propuxemos con estas pequenas modificacións foron, basicamente:

- Iniciar o proceso de adaptación da materia ao EEES de maneira non brusca, nin para alumnos nin para os profesores.
- Facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe mediante a entrega da información cos contidos básicos da materia, apoiados con bastante iconografía e vídeos explicativos, así como unha organización-planificación básica da materia dende o primeiro día de clase.
- Aumentala implicación do alumnado ca materia motivando a súa participación e facilitando un espazo de expresión para as súas vivencias, experiencias, dúbidas e temores, relativos todos eles á temática da materia.
- Fomentar o traballo do alumno e a valoración do seu esforzo.

c. Adaptación ao ECTS

O cálculo da guía docente en horas é de 105 e o cálculo final foi de 105,56 polo que o resultado final está moi aproximado ao cálculo inicial. Pódense observar os datos no anexo C9.

d. Métodos de avaliación.

Ata o ano 2004-05, a avaliación era un exame tipo test de resposta única e no que os erros cometidos descontaban. A fórmula empregada para a avaliación do exame era:

$$\text{cualificación} = \frac{\text{acertos} - \frac{\text{erros}}{\text{n}^\circ \text{opcións} - 1}}{\text{n}^\circ \text{preguntas}} - 1$$

Ademais, para aqueles alumnos que quixeran obter parte da súa cualificación da materia a través dun traballo, podían presentar un traballo opcional sobre qué se podía facer a modo de prevención de lesións nun deporte determinado (xeralmente do seu interese) ou sobre un programa de prevención para evitar unha lesión determinada ou un programa de reeducación tras saír dunha lesión concreta. Os temas do traballo eran propostos tanto polos profesores como polos alumnos. Este traballo valía un 20% da cualificación total da materia e había que expolo en horario de clase dentro dos últimos días lectivos do cuadrimestre. Os criterios de valoración dos traballos (este traballo representa o 50% da cualificación global da materia) presentábanse na guía docente.

No ano 2005-06 decidiuse motivar sobre a importancia deste traballo do alumno, fundamentalmente para a súa implicación no mesmo dunha forma máis clara, así como para que se preocupase máis de acadar unha calidade suficiente para a súa boa consideración. Aínda que seguiu sendo opcional e o seu valor na cualificación global era dun 50%, ao igual que no ano anterior, déuselles información aos alumnos sobre o que supuxo en canto ao que superación da materia se refire. Isto fixo que a maior parte dos matriculados optasen por elaborar este traballo.

e. Resultados académicos.

PERÍODO 2002/03

Un 16,2 % dos alumnos realizaron un traballo voluntario presentado en clases cunha puntuación máxima de dous puntos. A nota media do exame teórico foi de 4,63 sobre 10. Os alumnos que adicaron parte do seu tempo de preparación da materia a realizar o traballo obtiveron unha nota media de 4,53; mentres que os que non fixeron o traballo foi de 4,65 (un 2,5 % máis). Os alumnos aos se lles valorou o traballo obtiveron unha nota media neles de 1,43; o que supuxo unha nota media final de 5,97 (un 22,1 % máis que os que non realizaron o traballo). A nota media do curso foi de 4.84, polo que, mentres que ambos grupos obtén case a mesma cualificación na parte teórica, os que realizan traballo soben a súa cualificación coa realización do traballo voluntario.

PERIODO 2003/04

Só dous alumnos fixeron o traballo voluntario. A nota media do exame teórico foi de 3.3 sobre 10, polo que baixou a cualificación global do curso un 68,8 %.

PERIODO 2004/05 e 2005/06

O traballo obrigatorio era presentado nas clases cunha puntuación máxima de 5 puntos. A nota media da parte teórica foi de 2,26 sobre 5 (4.52 sobre 10) o que supón a mesma nota que os que fixeran o traballo voluntario en 2002/03. A nota media do traballo foi de 3.46; o que supuxo unha nota media final de 5.84 (un incremento de 17.2 na cualificación global respecto o ano 2002/03 e un 43% maior que no 2003/04).

A implantación da realización de traballos na valoración global do traballo do alumno desta materia supón unha mellora na súa cualificación. A súa obligatoriedade supón unha mellora na nota media global do grupo

- a) Facer o traballo optativo, sobre todo neste último ano 2005-06 polo seu valor na cualificación total da materia, supuxo que a porcentaxe de alumnos que superaran a materia fóra claramente superior a aqueles que non o fixeron. Ademais, obtiveron mellores resultados en xeral.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Titulación de Actividade Física e do Deporte

- b) Os alumnos tiveron claro tamén a importancia de elaborar este traballo, pensando en termos de superación da materia.
- c) O alumnado, sobre todo vendo a proporción dos que se implicaron ano a ano na súa elaboración, acolleron positivamente a valoración que se fixo do seu traballo.
- d) Se queremos implicar aos nosos alumnos no emprego dunha metodoloxía máis vinculada ao uso de novas tecnoloxías ou a ver o proceso de ensinanza-aprendizaxe como un continuum, é necesario que se valoren os traballos, as actividades e o seu esforzo, o que implica tamén modificacións no proceso avaliativo.

Resultados académicos ao longo dos anos en que se impartiu a materia de *Prevención de lesións na práctica deportiva* na Universidade de Vigo.

Ano académico	Traballo	Nº alumnos	NP	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaliente	% aprobados
2002-03	Con	11	-	3	6	2	-	72,73
	Sen	57	5	15	32	5	-	64,91
2003-04	Con	2	-	-	1	-	1	100
	Sen	81	11	42	25	2	1	34,57
2004-05	Con	31	-	1	28	2	-	96,77
	Sen	42	4	15	21	2	-	54,76
2005-06	Con	31	-	3	21	7	-	90,32
	Sen	13	7	1	4	1	-	38,46

f. Enquisas de esforzo e opinión dos alumnos

A maior dificultade é a dos traballos, en primeiro lugar a de grupo e despois os traballos individuais. Do total de puntuacións (anexo c 9) conclúese que a materia é de dificultade media.

Respecto á valoración que se fai do profesorado e a súa docencia, ao seren dous profesores os que imparten a mesma hai que falar de dúas puntuacións, pero nos dous casos as puntuacións sempre foron a mellor no caso do curso en que se implantou a experiencia.

Para un dos profesores

Ano académico	2002-03			2005-06		
	Prof	Curso	Titul	Prof	Curso	Titul
Preparación das clases por parte do profesor	3,6	3,29	3,47	3,86	3,38	3,47
Bo ambiente nas clases	4,33	3,64	3,68	4,5	3,78	3,67

Ano académico	2002-03			2005-06		
	Prof	Curso	Titul	Prof	Curso	Titul
O alumno cre que aprende na materia	3,78	3,15	3,44	4	3,28	3,38
Metodoloxía docente	3,3	2,94	3,22	3,9	3,17	3,21
É unha materia importante para o alumno	4,67	-	3,58	4,58	-	3,51

Para o outro profesor

Ano académico	2002-03			2003-04			2004-05			2005-06		
	Prof	Curso	Titul	Prof	Curso	Titul	Prof	Curso	Titul	Prof	Curso	Titul
Preparación das clases por parte do profesor	4,33	3,29	3,47	3,7	3,26	3,5	4,57	3,6	3,52	3,9	3,38	3,47
Bo ambiente nas clases	4,5	3,64	3,68	4,37	3,4	3,62	4,86	3,75	3,69	4,56	3,78	3,67
O alumno cre que aprende na materia	4,4	3,15	3,44	4,26	3,21	3,39	4,57	3,43	3,47	4,33	3,28	3,38
Metodoloxía docente	3,8	2,94	3,22	4,05	3	3,21	4,43	3,34	3,29	4,11	3,17	3,21
Bo docente	4,3	3,31	3,54	3,94	3,31	3,52	4,29	3,48	3,57	4,5	3,47	3,53
Puntuación global do docente	4,26	3,33	3,52	3,91	3,27	3,49	4,42	3,54	3,55	4,24	3,42	3,48
É unha materia importante para o alumno	3,99	-	3,58	3,92	-	3,58	4,33	-	3,54	4,15	-	3,51

Dos datos pódese indicar:

- Docente e materia son ben valorados ao longo destes catros anos académicos nos que se leva impartindo *Prevención de lesións na práctica deportiva* dentro da Titulación.
- Ao mesmo tempo, docente e materia non variaron as súas cualificacións-valoracións por parte do alumnado por engadir modificacións na metodoloxía e no sistema de avaliación, aínda que estas modificacións fosen de forma opcional.

Temos que supoñer, visto que non houbo grandes diferenzas en canto aos resultados das enquisas de avaliación docente, que a estruturación, planificación e desenvolvemento da materia ao longo dos anos foi axeitada ás necesidades e intereses dos alumnos.

4. Desenvolvemento da experiencia (2)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

5

5. Avaliação global do processo

5. Avaliación global do proceso de experimentación (Resultado crítico das súas experiencias)

a. Perspectiva e reflexións persoais dos equipos decanais.

A avaliación global está en consonancia coa opinión do profesorado, pois a falta de medios e recursos, reflicten a improvisación á hora de desenvolver o proxecto. A creatividade do profesorado supliu con creces esta deficiencia levando a bo fin este traballo. Desde o órgano de xestión do centro, a implantación da docencia dentro do Espazo Europeo implica unha maior dispoñibilidade de espazos e medios materias, que durante o proceso o noso centro non tivo e dificultou aínda máis a implantación.

Todavía queda un longo camiño por percorrer non só polos órganos de xestión das universidades galegas senón tamén por toda a comunidade universitaria tanto PDI, PAS e ALUMNANDO, sobre todo estes últimos pois a filosofía de traballo levada a cabo nos últimos ten que cambiar radicalmente en busca dun alumnado activo e reactivo ante as diversas situacións que se presenta durante a súa formación universitaria.

O desenvolvemento destas experiencias son sempre produtivas para quen as leva a cabo, pois implican un cambio e reflexión sobre o desenvolvemento da docencia no ámbito Universitario.

O profesorado participou de forma voluntaria e o sistema de traballo foi democrático, xa que a participación era directa e ao mesmo nivel. A través de reunións periódicas íanse tomando as decisións entre todos de cómo levar a cabo o traballo.

A implicación do profesorado foi alta, ofrecendo información e axuda mutua nos problemas que ían xurdindo. Hai que destacar o labor dos profesores de didáctica e de métodos estatísticos, xa que xogaron un papel principal neste proceso. O profesorado de Didáctica orientou ao profesorado na reunión en que se clasificaron dúbidas sobre a elaboración da guía docente. Os profesores de métodos estatísticos colaboraron no deseño de recollida de datos e no seu posterior tratamento.

b. Perspectiva dos profesores implicados (a experiencia a nivel de materia)

ASPECTO DE ORGANIZACIÓN DOS CENTROS:

Para a realización desta experiencia non se fixo ningunha modificación no calendario académico. Permitíuselle ao profesorado facer uso das horas non presenzais, comunicando previamente ao decanato dito uso.

O proceso de matrícula seguiu como sempre, o que dificulta cada ano o desenvolvemento axeitado das materias do primeiro cuatrimestre, xa que comezan as aulas e o profesorado non sabe ate mediados de novembro con que número de alumnos conta.

Os exames realizáronse nas datas establecidas. Debido ás precarias instalacións coas que se contaba no momento de desenvolver o proxecto non foi posible establecer reparto de espazos de traballo común que serían necesarios para desenvolver diferentes proxec-

5. Avaliación global do proceso

tos dentro da filosofía de adaptación. A cuestión da infraestrutura é fundamental xa que para as titorías grupais ou colectivas é necesario contar con seminarios, pero a realidade da implantación do proxecto atopouse con que os despachos eran compartidos por un gran número de profesores e polo tanto, este labor víase perxudicado.

O profesorado ao ser de diferentes cursos, tampouco tivo a necesidade de coordinarse a nivel de organización. Aínda que nas súas conclusións espuxo a necesidade de dita coordinación cando a implantación se dea en cursos completos.

CUESTIÓNS DOCENTES E ACADÉMICAS:

A. Valoración sobre a dimensión práctica do curriculum

A dimensión práctica do curriculum pode ser interpretada en tres sentidos:

1. A proporción créditos de aula/laboratorio.
2. A proporción contidos procedimentais/conceptuais.
3. A proporción métodos activos/métodos expositivos.

No primeiro senso -relación créditos L/créditos A-, o curriculum da LCCAFD ten unha carga de aulas de laboratorio insuficiente. Esta realidade é consecuencia das propias directrices do título, que non permiten máis grupos L e do Plan de financiamento. A maioría do profesorado considera moi necesarios os créditos prácticos. É interesante que cada vez máis materias teñan máis compoñentes prácticos, pero sobre todo con prácticas orientadas a casos reais en detrimento das prácticas de aula ou teóricas.

En canto ao segundo epígrafe a proporción depende da materia. Así, hai materias como Didáctica da Educación Física I, Expresión Corporal, Actividades Aeróbicas con soporte musical e Prevención de Lesións, que manifestaron nas súas avaliacións que o número de contidos procedimentais é insuficiente fronte aos conceptuais.

Noutras materias como foi o caso de Alto Rendemento en Ximnasia Aeróbica non se manifesta este desequilibrio.

O terceiro punto está condicionado pola filosofía metodolóxica do profesor e a asignación de créditos teóricos e de laboratorio. Así, algúns dos profesores que teñen un número insuficiente de horas de laboratorio, optan por facer as clases teóricas máis prácticas, na medida do que se pode facer nunha aula orientada a contidos teóricos.

B. Valoración da planificación da docencia

A planificación docente do profesorado vén condicionada inicialmente polas decisións de organización académica anual que realiza o Decanato do centro a través da Xunta de Facultade (calendario escolar, horarios e datas de exame). Neste curso todo o profesorado implicado na experiencia tivo que facer o esforzo de planificar totalmente e temporalizar os contidos das respectivas materias. Este aspecto supuxo un esforzo inicial para a maioría do profesorado, xa que salvo excepcións a planificación tan detallada tal e como se indica nas guías docentes non se elaborara nos anteriores programas das materias. Aqueles que utilizaron novas metodoloxías docentes ven como fundamental a planificación para que o resultado sexa exitoso.

Durante a experiencia algúns docentes tiveron que realizar algúns axustes aínda que a nivel xeral se desenvolveron as planificacións segundo o programado. A experiencia do

profesorado é que é moi interesante realizar esta planificación pero ao mesmo tempo é preciso ser flexibles.

C. Valoración sobre a metodoloxía e recursos empregados

O profesorado valorou positivamente o uso de metodoloxías activas así como o emprego de recursos próximos ás novas tecnoloxías. Sinálanse aspectos máis concretos que resaltaron algúns dos profesores.

- Con respecto aos métodos empregados na disciplina de Didáctica da Educación Física I, os que máis éxito docente e rendabilidade para a aprendizaxe obtén son as tarefas procedimentais que se resolven na aula e as que son suxeridas para a súa resolución fóra do horario de docencia e, posteriormente, corrixidas. O problema desta segunda técnica é o exceso de traballo para a profesora (4 tarefas x 90 alumnos/as= 360 exercicios para corrixir, ademais do traballo de elaboración da sesión e os exames).

A técnica de lectura comprensiva dos apuntamentos por parte dos alumnos/as fóra do horario docente é pouco seguida polo alumnado. Unha porcentaxe elevada dos alumnos/as (máis do 75%) non realiza esas lecturas previas, polo que logo non pode seguir con rendabilidade a docencia de aula e laboratorio.

O traballo de elaboración dunha sesión práctica é efectivo cando os alumnos/as se comprometen na asistencia ás titorías. Os grupos que só asisten a titoría obrigatorias, non obteñen o mesmo nivel de aprendizaxe.

O exame final de aula é eminentemente procedimental, e parece responder fielmente ao tipo de tarefas resoltas durante o curso. A avaliación correspóndese coa docencia, de feito durante o curso empréganse exames doutros anos como supostos de resolución.

Os recursos didácticos empregados son encerado, canón de vídeo, proxector de transparencias, apuntamentos e documentos sobre didáctica, material propio de didáctica da Educación Física I.

Unha tarefa pendiente é a incorporación dalgúns elementos de docencia virtual: posibilidade de baixar os apuntamentos e tarefas procedimentais da rede. Non considero axeitadas as titorías virtuais, porque o desenvolvemento dunha titoría presencial en didáctica axuda a desenvolver a linguaxe técnica apropiada e habilidades de comunicación imprescindibles para un docente.

- Na materia de Deportes de adversario con fins recreativos considérase que a metodoloxía (ensinanza frontal ou expositiva, ensinanza vivenciada e ensinanza titorizada) e os recursos (palabra falada e escrita, esquemas, imaxes, etc.) utilizados foron axeitados, ou polo menos con eles o alumnado alcanzou un rendemento satisfactorio xa que na parte teórica obtivo un 5.57 e na práctica un 7.72.
- Na materia de Métodos estatísticos. A avaliación docente parece suxerir que o contacto persoal co profesor debe ser maior nas clases de laboratorio e estas non deben limitarse a seguir follas auto-contidas. Os alumnos tamén consideraban frustrante que non se avaliara dalgunha forma o seu traballo persoal nas horas de laboratorio. Neste sentido, parece necesario aproveitar

5. Avaliación global do proceso

en maior medida a plataforma virtual Tema de apoio á docencia, empregada con certo éxito na parte teórica.

Hai que mellorar no deseño de actividades que fagan traballar o alumno sobre os conceptos teóricos e a súa aplicación. Tamén no deseño de estándares de presentación de traballos e cuestións, que tamén facilitarán a avaliación.

- Para a materia de Alto Rendemento en Ximnasia Aeróbica, este aspecto foi dos máis valorados aínda que os recursos empregados que foron os existentes no centro considéranse escasos.

D. Valoración do apoio TITORÍAI

A función TITORÍAI é esencial. A docencia universitaria debe recolocar as titorías como eixo central do labor docente. A titoría é unha estratexia operativa para lograr a individualización do aprendizaxe. O alumnado ten maior espazo para formular as súas dúbidas e/ou presentar as súas suxerencias.

Moitos dos profesores indican que aínda non está moi implantado o uso de titorías personalizadas ou titorías especializadas en pequenos grupos para guiar a cada alumno ao longo do curso, e que non sexan só empregadas para a resolución de dúbidas ou orientación aos traballos. É preciso, por tanto, que se xere unha dinámica máis activa no alumnado.

Os profesores que imparten materias con contido práctico, consideran tamén interesante a incorporación de titorías prácticas xa que existen determinados aspectos do ámbito da titulación do Licenciado en Ciencias da Actividade Física e do Deporte que non poden ser resoltas con solvencia na titoría convencional, xa que se precisan espazos especiais como unha piscina, un tatami, un ximnasio, etc.

Por outra banda, o profesorado aprecia unha mellor evolución do alumnado que acode ás titorías de orientación e seguimento, o que se ve reflectivo nos resultados académicos finais.

E. Valoración dos mecanismos de avaliación da aprendizaxe e reconsideración da propia avaliación

A tarefa pendente é unha aposta moito maior pola avaliación continua. Para algúns profesores a súa experiencia amosa que os alumnos/as que asisten asiduamente e entregan os traballos da avaliación continua superan a materia e obtén as mellores cualificacións. O inconveniente para todos os docentes é a cantidade enorme de traballo de corrección que supón esta opción, incluso algúns, despois de levar a cabo a experiencia, o ven inviable se non é con grupos reducidos. Por outra banda, varios profesores sinalan que ao alumnado cando se lle dá a escoller entre avaliación continua ou final escollen maioritariamente a primeira opción.

A corrección dos traballos de avaliación continua permite unha retroalimentación sobre o curso do proceso de ensino-aprendizaxe, permitindo retomar contidos aínda non asimilados cando así se detecta.

En canto á maneira de cualificar, algúns profesores apreciaron que os seus alumnos non estaban de acordo coas notas recibidas nos traballos cando se calificaba coa mesma nota a todos os membros do grupo. Outros profesores sinalan que tamén é unha aprendizaxe importante repartir axeitadamente o traballo cando se traballa en equipo.

O profesorado que participou na experiencia considera o exame como unha proba máis de avaliación, necesaria para demostrar as competencias finais adquiridas. Moitos dos profesores propoñen un exame teórico que inclúe tanto contidos extritamente conceptuais da materia como procedimentais, outros realizan exames totalmente conceptuais ou totalmente procedimentais. As modalidades de exame son variadas; tipo text, verdadeiro-falso, pregunta curta, preguntas a desenvolver...

A avaliación da docencia de laboratorio é máis fácil de acadar, xa que o alumno/a asiste con máis asiduidade a estas clases. Hai profesores que avalían tamén cun exame práctico, outros avalían día a día.

O profesorado que utilizou a plataforma virtual da universidade considéraa unha boa ferramenta que permite ao docente levar control da participación do alumno. Coidan que a autoavaliación mediante cuestionarios virtuais é unha opción interesante, pero debe facerse obrigatoria e non optativa para que realmente o alumnado se implique. Outros indican o desexo de empezar a utilizala e pasar a un modelo de materia semipresenzal.

Outro aspecto que algúns profesores consideran crucial é o tema das titorías, xa que para que existan bos resultados na materia é preciso que existan TITORÍAS prácticas, para isto tamén son necesarios espazos específicos.

VALORACIÓNS SOBRE A EXPERIMENTACIÓN

Neste epígrafe imos a valorar diferentes aspectos que presentamos en varios subepígrafes.

7. Valoración da aplicación das guías docentes

- En canto á elaboración da guía docente. Unha profesora non colocou habilidades sociais nin destrezas, xa que prefire falar de contidos procedimentais. Outro profesor non colocou tampouco a sección de habilidades sociais nin o de destrezas, pero non se coñece o motivo.

Outro profesor engadiu que complementou o epígrafe de avaliación e metodoloxía separando o que corresponde ás clases teóricas das clases prácticas, xa que o considera importante. Outro profesor di que modificou a epígrafe de avaliación.

Outra profesora indica que eliminou algúns epígrafes, xa que consideraba que a experiencia era precisamente para poder acabar de perfilar a guía docente e que lle resultaba difícil poder detallar aspectos da temporalización que non fixera antes a materia da forma que o fixo este curso.

- En canto á dificultade que supuxo a elaboración da guía docente.

Ningún dos profesores considera que o grao de dificultade é de 5 puntos. Un profesor sinala 4, seis dan un 3 e tres un 2. Polo tanto, podemos considerar que a dificultade é media.

A todos lles resultou fácil a redacción de Obxectivos e contidos, só un colocou un 3 mentres que dous colocaron un 1 e o resto un 2, a puntuación foi idéntica para Obxectivos e contidos. De máis dificultade foi a redacción de habilidades sociais e destrezas, para o profesorado que si as contemplou, xa que como comentamos no anterior punto algúns non os incluíron na súa

5. Avaliación global do proceso

guía. As puntuación andaron entre o 2, que é o que máis predomina, e dous otorgaron un 3 e un un 4.

A temporalización fixérona ou ben baseándose nos anos anteriores ou a través do cálculo de días lectivos reais e distribuindo os contidos prácticos e teóricos. Un dos docentes revisou outras guías. Cosidéranos de certa cificuldade, xa que as puntuacións están entre o 4 e o 5 e só un da un 3 e outro un 1.

Todo o profesorado considerou difícil o cálculo de créditos ECTS así como a elaboración do correspondente cronograma. As puntuacións foron de 4 e 5, e dous outorgaron un 3.

A metodoloxía recibe puntuacións diversas, aínda que ninguén lle dá un 5. Unha persoa dálle un 1 e outra un 3, tres danlle un 4 e cinco un 2.

A Avaliación está entre o 3 e o 2.

- Os aspectos positivos da proposta de guías docentes en relación ao modelo anterior de programas son:
 - A necesidade de especificar máis a avaliación e a metodoloxía.
 - Maior participación do alumnado.
 - Obriga a facer unha programación temporal máis especificada e iso sempre supón máis análise pre-activa.
 - Máis información ao alumnado.
 - Axustar os contidos á importancia dentro da materia, tendo en conta o tempo.
 - Unha maior estruturación dos contidos a levar a cabo. Dalgún xeito fai que o programa a desenvolver durante o curso non dependa do profesor, de xeito que un alumno podería seguir máis ou menos o curso sen asistir a todas as clases.
 - Permiten especificar moito máis todos os elementos do proceso, facilitando o traballo do alumno, xa que conta cunha información exhaustiva de todo o referente á marcha da materia.
 - Os alumnos teñen máis información sobre os Obxectivos da materia e a súa interrelación coas outras materias da titulación así como co propio perfil profesional.
 - Coñecen de antemán os contados, o tempo que se adicará a cada tema, o tipo e secuenciación das actividades a desenvolver, a metodoloxía para a aprendizaxe e o sistema de avaliación.
 - Obriga a ser máis consciente da carga real da materia para os alumnos.
- Os aspectos negativos da proposta de guías docentes en relación os modelo anterior de programas son:
 - Excesiva burocratización dalgúns cálculos, en especial o reconto de todo o traballo do alumnado.

- Todas as anteriores vantaxas se tornan en inconvenientes ao facer máis pechados os contidos e a súa temporalización.
 - A temporalización ficticia.
 - Pode correr o risco de ser entendido como algo ríxido e prescritivo. O programa podería converterse nunha “atadura” para o docente. Sobre todo no aspecto de articulación temporal.
 - Demasiada información desanima ao alumnado a mirala.
 - A excesiva rixidez na distribución hora/tema/crédito ECTS, xa que compromete demasiado ao ó docente. A educación é un proceso eminentemente flexible e suxeito á emerxencia de imprevistos. Parece quedar comprometido o principio pedagóxico básico da adaptación e a individualidade.
 - Os alumnos seguen coa rutina de fixarse nos contidos e na avaliación.
 - Os créditos ECTS desta primeira guía son unha proposta do profesor baixo a restricción do número de horas asignadas á súa materia, pero hai que facer un esforzo por aproximarse á situación real do traballo do alumno.
 - Baséase na boa “vontade” e/ou disposición do profesorado.
 - Falta dunha planificación de conxunto sobre necesidades, recurso... e ver se se pode levar adiante con garantías.
 - É un modelo moi pechado, case non podes saír do guión por mor de non cumprir o programa.
 - Obriga a levar un ritmo que ás veces non é adecuado para os alumnos.
 - Hai materias en que é difícil limitar o tempo a certos contidos. Ás veces, na aula ou no laboratorio xorden aspectos interesantes nos que se pode-debe deter o alumno e o profesor.
- Outros aspectos saliantados polo profesorado foron que as guías deben considerarse unha “guía” que orienta, pero nunca un documento prescritivo que cinga a docencia. Enténdese que é un elemento de reflexión, pero só será útil se se acompaña de traballo en equipo do profesorado e dunha avaliación institucional.

8. Avaliación do proceso

Respecto ao profesorado, consideramos que se deu a coñecer o marco xeral do sistema europeo de transferencia de créditos tanto aos membros da experiencia piloto como ao resto da comunidade universitaria. Organizáronse unhas xornadas abertas a toda a comunidade, nas que participou o comisionado para o EEES da Universidade de Vigo.

Tanto estas xornadas como as reunións do grupo piloto permitiron contrastar opinións sobre o que supón este cambio na universidade. Observamos que algúns profesores o afrontan sen moitos problemas, porque as súas metodoloxías xa eran participativas pero outros atopan máis inconvenientes. Todos coinciden en que sen cartos e con clases masificadas é imposible levar a cabo a implantación de forma coherente e seria.

5. Avaliación global do proceso

Avaliación da experiencia piloto de adaptación de materias ao crédito europeo na Facultade de Ciencias da educación e do Deporte (2004-05, 2005-06)

A través da guía conseguiuase proporcionar a información necesaria ao alumnado sobre o contido dos programas para a organización, orientación e facilitación da súa aprendizaxe ao longo do proceso formativo. Detectamos que moitos alumnos non len as guías docentes, a pesar da insistencia por parte do profesorado e das presentacións que todos os docentes fixeron en cada aula para explicarlle ao alumnado o que supón o Sistema Europeo de Educación Superior.

Organizouse un curso de formación para o profesorado que permitiu introducir o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación. Nesta sección algúns profesores incluíron a plataforma tema ou as súas propias páxinas web como un medio máis dentro do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

A idea de coordinarse e colaborar con outros profesores e profesoras nos procesos de planificación para que exista un equilibrio entre os programas docentes das diferentes materias, non foi posible, xa que o profesorado que participou na experiencia era de diferentes cursos. Para o curso que vén vaise implantar a experiencia en todo primeiro e xa se realizaron varias reunión para facilitar esta coordinación.

Respecto ao alumnado, algúns profesores implicaron a toda a aula no proceso de recollida de información e avaliación sobre o novo sistema de créditos. E outros fixeron o sistema voluntario.

Respecto á docencia, algúns profesores consideran que esta experiencia lles permitiu reconsiderar diferentes aspectos sobre a súa docencia e outros cren que non viron nada que lles indique que este sistema é mellor que o anterior. Pensamos que é difícil avaliar neste momento se estamos a contribuír á mellora da calidade de ensinanza universitaria, xa que para iso precisárase dunha implantación máis extensa na Licenciatura.

9. Grao de satisfacción coa experiencia

A maioría do profesorado que se implicou na experiencia considera moi positivo o cambio cara a unha docencia máis activa. Para dito cambio consideran necesario a colaboración entre o profesorado e a facilitación de formación permanente, sobre todo co que respecta á implantación de novas tecnoloxías e á posibilidade de compartir experiencias.

Por outro lado, tamén entende que o alumnado debe asumir un papel máis activo e responsable da súa aprendizaxe, para iso o profesor ten que propoñer e esixir actividades continuas variadas, atractivas e con alto nivel formativo. Paralelamente, a motivación do traballo do alumno ten que ser a aprendizaxe e non a puntuación en si das actividades. O profesor non pode converterse nun policía que vixie continuamente o nivel de traballo dos alumnos.

A experiencia resultou interesante en canto a que o profesorado se viu na necesidade de revisar os seus plans de estudo e reconsiderar a forma de impartir a docencia, resúmense a continuación os diferentes aspectos que salientaron os profesores e profesoras.

DIFICULTADES:

- Dificultade de convivencia de dous sistemas: o antigo e os créditos ECTS.
- Que facer cos repetidores e cos matriculados que non asisten ás clases.
- Necesidade de ter grupos pequenos.
- Dificultades ou retos na avaliación das actividades ou traballos, sobre todo os desenvolvidos en grupos.

RETOS:

- É fundamental contar con espazos axeitados para poder aplicar as metodoloxías participativas. Para desenvolver axeitadamente un programa de titulacións é preciso contar con despachos ou espazos que faciliten as mesmas, feito que na actualidade non se dá.
- Maior implicación do alumnado, xa que polo momento aínda teñen resistencias a cambiar de sistema.
- A figura do bolseiro debería ser un alumno de terceiro ciclo, xa que atopamos con problemas á hora da análise de datos, por falta de coñecementos suficientes por parte do alumnado. Propoñemos que nos novos proxectos a bolsa estea orientada especificamente a alumnado de terceiro ciclo, incluso algún profesor propuxo a posibilidade de que poida colaborar en labores docentes.
- O profesorado considera fundamental reducir o número de horas dos profesores implicados nestes proxectos cando o número de alumnos é moi elevado, xa que ven aumentada a súa carga docente moi por riba do normal. Isto impide que poida adicarse a labores de investigación. Tamén se propón o aumento de persoal docente. Se isto non se fai, consideran que a implantación será un fracaso. Todos coinciden en que a metodoloxía participativa require máis horas de traballo do profesorado, feito do que ata o momento non se fala desde ningún estamento dos que promoven a implantación.
- A necesidade dun curso 0 para o alumnado de novo ingreso, xa que para poder aplicar metodoloxías activas e de innovación docente é preciso que o alumnado manexe ferramentas mínimas de busca en bases de datos e certos programas informáticos. Detectouse que a maioría do alumnado só ten acceso a internet na sala de ordenadores da facultade.

VANTAXES:

Houbo vantaxes froito da reflexión sobre os obxectivos da materia e a metodoloxía a empregar, que se plasmaron:

- En novas actividades, que valoramos positivamente.
- No incremento dun traballo máis continuado, que esperamos que dea os seus froitos de cara á avaliación final.
- Na materia onde a participación no proxecto foi voluntaria, fixo que estes alumnos aprenderan máis que os que non participaron.

10. Necesidade de replantear concepcións educativas ou a maneira de entender o ensino universitario

Para moitos dos profesores na actualidade existe unha caída xeneralizada da capacidade de traballo dos alumnos/as, estase producindo un descenso do nivel de esixencia para evitar o suspenso masivo.

Incrementar a esixencia non quere dicir endurecer os exames. Incrementar a esixencia quere dicir esixir o traballo continuo e o compromiso académico do alumnado. Todos están de acordo en que o alumno ha de ser máis activo para que esto se poida dar.

Isto só pode ser acadado mediante programacións que avalíen estes aspectos, a través de ferramentas non unitarias de exame final senón con ferramentas de avaliación da asistencia participativa ás clases, titorías, resolución de tarefas, etc.

O ensino universitario debe volver a ter un compromiso coa formación e a educación e non só coa profesionalización que implica ter un título conseguido a base de superación de materias.

Para outros docentes este proceso supón que o profesor sexa máis orientador que trasmisor de contidos e o tempo dedicado á docencia en déficit da investigación para planificar, coordinar, corrixir e publicar a documentación para os alumnos.

A maioría do profesorado tamén coincide en que é interesante que cada vez máis todas as materias teñan máis compoñentes prácticos, pero sobretudo con prácticas orientadas a casos reais, polo que se deben fomentar os traballos aplicados. Así como a investigación e o traballo en equipo.

O ensaio de novas metodoloxías docentes é necesario, así como a adaptación ás novas ferramentas virtuais o que fai necesario que a universidade se comprometa dando soporte técnico aos docentes.

c. Opinións doutros profesores non implicados na experiencia

Do profesorado da facultade que non formou parte da experiencia só contestaron ás enquisas oito persoas. O resumo das súas opinións é o seguinte:

En canto aos **aspectos positivos** sinalan:

- o feito de que a ensinanza sexa máis personalizada
- facilítase a aprendizaxe en habilidades para a autoformación
- redúcese o valor do exame final
- dáselle maior importancia aos traballos, lecturas ou actividades prácticas
- é positiva a homoxenización entre diferentes universidades
- aumenta a responsabilidade do alumnado na súa formación, así coma o seu pensamento crítico e creativo
- impón ao alumno a necesidade de traballar dende principio do curso

En canto aos **aspectos negativos** indican:

- esa individualización hoxe en día é inasumible dado o número de horas que suporía para o profesorado
- hai pouca predisposición do alumnado actual á titorización
- a experiencia é incompatible co Regulamento de estudantes
